

Campo electrostático

[Método e recomendacións](#)

◇ PROBLEMAS

● Cargas puntuais

1. Tres cargas de -2 , 1 e $1 \mu\text{C}$ están situadas nos vértices dun triángulo equilátero e distan 1 m do centro do mesmo.
- Calcula o traballo necesario para levar outra carga de $1 \mu\text{C}$ desde o infinito ao centro do triángulo.
 - Que forza sufrirá a carga unha vez que estea situada no centro do triángulo?
 - Razoa se nalgún punto dos lados do triángulo pode existir un campo electrostático nulo.
- Dato: $K = 9 \cdot 10^9 \text{ N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}$. (P.A.U. xuño 16)
- Rta.: a) $W = 0$; b) $\vec{F} = 0,0270 \text{ N}$, cara á carga negativa.

Datos

Valor da carga situada no punto A
 Valor da carga situada no punto B
 Valor da carga situada no punto C
 Distancia das cargas ao centro do triángulo
 Valor da carga que se traslada
 Constante de Coulomb

Cifras significativas: 3

$Q_A = -2,00 \mu\text{C} = -2,00 \cdot 10^{-6} \text{ C}$
 $Q_B = 1,00 \mu\text{C} = 1,00 \cdot 10^{-6} \text{ C}$
 $Q_C = 1,00 \mu\text{C} = 1,00 \cdot 10^{-6} \text{ C}$
 $r = 1,00 \text{ m}$
 $q = 1,00 \mu\text{C} = 1,00 \cdot 10^{-6} \text{ C}$
 $K = 9,00 \cdot 10^9 \text{ N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}$

Incógnitas

Traballo para levar $1 \mu\text{C}$ do infinito ao centro do triángulo
 Forza sobre a carga no centro do triángulo

$W_{\infty \rightarrow 0}$
 \vec{F}_O

Ecuacións

Lei de Coulomb: forza entre dúas cargas puntuais, Q e q , separadas por unha distancia, r
 Principio de superposición
 Potencial eléctrico nun punto a unha distancia, r , dunha carga puntual, Q
 Potencial eléctrico de varias cargas
 Traballo da forza eléctrica ao mover unha carga do punto A ao punto B

$$\vec{F} = K \frac{Q \cdot q}{r^2} \vec{u}_r$$

$$\vec{F}_A = \sum \vec{F}_{Ai}$$

$$V = K \frac{Q}{r}$$

$$V = \sum V_i$$

$$W_{A \rightarrow B} = q(V_A - V_B)$$

Solución:

O campo eléctrico é un campo conservativo, porque o traballo realizado pola forza do campo, cando unha carga se move entre dous puntos, é independente do camiño seguido e depende só dos puntos inicial e final. Defínese unha función escalar chamada enerxía potencial, E_p , asociada ao campo vectorial de forzas, de tal xeito que o traballo realizado pola forza do campo ao mover unha carga entre dous puntos é igual á variación da enerxía potencial entre estes dous puntos, cambiada de signo.

$$W = -\Delta E_p$$

Tamén se define outra magnitude escalar, chamada potencial eléctrico, que é igual á enerxía potencial da unidade de carga.

$$V = \frac{E_p}{q}$$

O traballo realizado pola forza de campo, cando unha carga se move do punto A ao punto B, é:

$$W_{A \rightarrow B} = -\Delta E_p = -(E_{pB} - E_{pA}) = (E_{pA} - E_{pB}) = q \cdot V_A - q \cdot V_B = q(V_A - V_B)$$

O potencial eléctrico nun punto, debido á presenza de varias cargas, é a suma dos potenciais producidos nese punto por cada carga, coma se o resto das cargas non estivese presente.

Para determinar o potencial eléctrico nun punto, calcúlanse os potenciais creados nese punto por cada carga, e despois súmanse.

A ecuación do potencial eléctrico, V , nun punto situado a unha distancia, r , dunha carga puntual, Q , é:

$$V = K \frac{Q}{r}$$

K é a constante de Coulomb.

a) Calcúlase o potencial eléctrico no centro, O , do triángulo, creado pola carga de $-2 \mu\text{C}$ situada no punto A , a 1 m de distancia:

$$V_{OA} = 9,00 \cdot 10^9 [\text{N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}] \frac{-2,00 \cdot 10^{-6} [\text{C}]}{(1,00 [\text{m}])} = -1,80 \cdot 10^4 \text{ V}$$

Os potenciais eléctricos no centro O do triángulo, debidos ás cargas de $1 \mu\text{C}$ situadas nos puntos B e C , son iguais, porque tanto as cargas como as distancias ao centro son iguais:

$$V_{OB} = V_{OC} = 9,00 \cdot 10^9 [\text{N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}] \frac{1,00 \cdot 10^{-6} [\text{C}]}{(1,00 [\text{m}])} = 9,00 \cdot 10^3 \text{ V}$$

O potencial eléctrico nun punto, debido á presenza de varias cargas, é a suma alxébrica dos potenciais debidos a cada carga.

$$V_O = V_{OA} + V_{OB} + V_{OC} = -1,80 \cdot 10^4 [\text{V}] + 9,00 \cdot 10^3 [\text{V}] + 9,00 \cdot 10^3 [\text{V}] = 0$$

O potencial eléctrico no infinito é cero, porque se toma como orixe. O traballo que fai a forza do campo cando se leva unha carga de $1 \mu\text{C}$ desde o infinito ata o centro, O , do triángulo é:

$$W_{\infty \rightarrow O} = q (V_{\infty} - V_O) = 1,00 \cdot 10^{-6} [\text{C}] \cdot (0 - 0) [\text{V}] = 0$$

Supoñendo que chega coa mesma velocidade coa que sae, o traballo da forza resultante, igual ao cambio de enerxía cinética, será cero:

$$W(\text{resultante}) = W(\text{campo}) + W(\text{exterior}) = \Delta E_c = 0$$

O traballo a realizar é o contrario ao da forza de campo:

$$W(\text{exterior}) = -W(\text{campo}) = 0$$

b) Faise un diagrama no que se debuxa o triángulo, sitúanse os puntos A , B , e C , e debúxanse os vectores forza eléctrica exercida sobre a carga que está no centro, O , un vector por cada carga, tendo en conta o sentido.

As forzas exercidas polas cargas situadas nos puntos B e C son de repulsión, porque as cargas son do mesmo signo, pero a forza producida pola carga situada no punto A é de atracción e vale o dobre que unha das outras.

Como os vectores forza das cargas situadas nos puntos B e C son do mesmo valor, as súas compoñentes verticais anúlense e a resultante está dirixida cara ao vértice A .

Debúxase o vector suma que é o vector forza resultante, \vec{F}_O .

Calcúlanse as forzas entre as cargas situadas nos vértices e a carga situada no centro, empregando a lei de Coulomb.

$$\vec{F} = K \frac{Q \cdot q}{r^2} \vec{u}_r$$


O vector unitario do punto O , tomando como orixe o punto A , é $-\vec{i}$, o vector unitario do eixe X en sentido negativo.

A forza eléctrica sobre a carga de $1 \mu\text{C}$ situada no centro, O , do triángulo, producida pola carga de $-2 \mu\text{C}$ situada no punto A é:

$$\vec{F}_{OA} = 9,00 \cdot 10^9 [\text{N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}] \frac{-2,00 \cdot 10^{-6} [\text{C}] \cdot 1,00 \cdot 10^{-6} [\text{C}]}{(1,00 [\text{m}])^2} (-\vec{i}) = 0,0180 \vec{i} \text{ N}$$

Cando se coñece o ángulo α que forma un vector co eixe X , o vector unitario calcúlase coa expresión: $\vec{u}_r = \cos \alpha \vec{i} + \sin \alpha \vec{j}$. O vector unitario do punto O , tomando como orixe o punto B , é:

$$\vec{u}_{OB} = \cos(-60^\circ) \vec{i} + \sin(-60^\circ) \vec{j} = -0,500 \vec{i} - 0,866 \vec{j}$$



A forza eléctrica sobre a carga de $1 \mu\text{C}$ situada no centro, O, do triángulo, producida pola carga de $1 \mu\text{C}$ situada no punto B é:

$$\vec{F}_{OB} = 9,00 \cdot 10^9 [\text{N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}] \frac{1,00 \cdot 10^{-6} [\text{C}] \cdot 1,00 \cdot 10^{-6} [\text{C}]}{(1,00 [\text{m}])^2} (-0,500 \vec{i} - 0,866 \vec{j}) = (4,50 \cdot 10^{-3} \vec{i} - 7,79 \cdot 10^{-3} \vec{j}) \text{ N}$$

A forza eléctrica sobre a carga de $1 \mu\text{C}$ situada no centro O do triángulo, producida pola carga de $1 \mu\text{C}$ situada no punto C, é simétrica á exercida pola carga que se atopa no punto B. A compoñente horizontal é a mesma, pero a compoñente vertical ten sentido oposto:

$$\vec{F}_{OC} = 4,50 \cdot 10^{-3} \vec{i} + 7,79 \cdot 10^{-3} \vec{j} \text{ N}$$

Polo principio de superposición, a forza eléctrica resultante sobre a carga de $1 \mu\text{C}$ situada no centro, O, do triángulo, é a suma vectorial das forzas exercidas por cada carga:

$$\vec{F}_O = \vec{F}_{OA} + \vec{F}_{OB} + \vec{F}_{OC} = (18,0 \cdot 10^{-3} \vec{i}) + (4,5 \cdot 10^{-3} \vec{i} - 7,8 \cdot 10^{-3} \vec{j}) + (4,5 \cdot 10^{-3} \vec{i} + 7,8 \cdot 10^{-3} \vec{j}) = 0,0270 \vec{i} \text{ N}$$

Análise: Coincide co debuxo. A forza resultante do cálculo vai no sentido positivo do eixe X.

Un resultado independente de como se elixiron os vértices é: a forza é de $0,0270 \text{ N}$, cara ao punto onde se atopa a carga negativa.


c) Non.

En ningún punto dos lados do triángulo pode existir un campo eléctrico nulo.

No centro, G, do lado BC anuláanse as forzas das cargas situadas nos vértices B e C, porque son iguais pero de sentidos opostos, pero a forza producida pola carga de $-2 \mu\text{C}$ situada no punto A queda sen contrarrestar.

Calquera outro punto dese lado estaría máis cerca dunha das cargas B ou C e, nese caso, a compoñente vertical dun deles sería maior que a outra e non se anularían.


Nos outros lados, as forzas producidas pola carga situada no punto A e a do outro vértice, sempre sumarían e tampouco se anularían.



O debuxo representa forza no punto H, o centro do lado BA.

As forzas das cargas situadas nos puntos B e A sobre unha carga situada no punto H sumarían sempre, e nunca se poderían contrarrestar. Isto sería válido aínda que o punto H non fose o punto medio.

Teríase un resultado similar en calquera punto do lado CA.



2. Dúas cargas puntuais iguais de $+2 \mu\text{C}$ atópanse nos puntos $(0, 1) \text{ m}$ e $(0, -1) \text{ m}$. Calcula:
- O campo e o potencial eléctrico no punto $(-3, 0) \text{ m}$.
 - Calcula o traballo necesario para trasladar unha carga de $+3 \mu\text{C}$ desde o infinito ao citado punto. Se no punto $(-3, 0) \text{ m}$ abandónase unha carga de $-2 \mu\text{C}$ e masa 1 g :
 - Calcula a súa velocidade na orixe de coordenadas.

Dato: $K = 9 \cdot 10^9 \text{ N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}$.

(P.A.U. set. 14)

Rta.: a) $\vec{E} = -3,42 \cdot 10^3 \vec{i} \text{ N/C}$; $V = 1,14 \cdot 10^4 \text{ V}$; b) $W(\text{ext.}) = -W(\text{campo}) = 0,0342 \text{ J}$; c) $\vec{v} = 9,92 \vec{i} \text{ m/s}$.

Datos

Valores das cargas fixas

Posicións das cargas fixas: A
B

Posición do punto C

Valor da carga que se traslada desde o infinito

Carga que se despraza ata a orixe

Masa da carga que se despraza ata a orixe

Velocidade inicial no punto C (suponse)

Posición do punto D polo que pasa a carga que se despraza

Constante de Coulomb

Incógnitas

Campo eléctrico no punto C

Cifras significativas: 3

$Q = 2,00 \mu\text{C} = 2,00 \cdot 10^{-6} \text{ C}$

$\vec{r}_A = (0, 1,00) \text{ m}$

$\vec{r}_B = (0, -1,00) \text{ m}$

$\vec{r}_C = (-3,00, 0) \text{ m}$

$q_1 = 3,00 \mu\text{C} = 3,00 \cdot 10^{-6} \text{ C}$

$q_2 = -2,00 \mu\text{C} = -2,00 \cdot 10^{-6} \text{ C}$

$m = 1,00 \text{ g} = 1,00 \cdot 10^{-3} \text{ kg}$

$v_C = 0$

$\vec{r}_D = (0, 0) \text{ m}$

$K = 9,00 \cdot 10^9 \text{ N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}$

\vec{E}_C

Incógnitas

Potencial eléctrico no punto C

 V_C Traballo necesario para trasladar $3 \mu\text{C}$ do infinito ao punto C $W_{\infty \rightarrow C}$ Velocidade que terá a carga de $-2 \mu\text{C}$ ao pasar polo punto D v_D **Outros símbolos**

Distancia

 r **Ecuacións**Campo eléctrico nun punto a unha distancia, r , dunha carga puntual, Q

$$\vec{E} = K \frac{Q}{r^2} \vec{u}_r$$

Principio de superposición

$$\vec{E}_A = \sum \vec{E}_{A_i}$$

Potencial eléctrico nun punto a unha distancia, r , dunha carga puntual, Q

$$V = K \frac{Q}{r}$$

Potencial eléctrico nun punto debido a varias cargas

$$V = \sum V_i$$

Traballo da forza eléctrica ao mover unha carga do punto A ao punto B

$$W_{A \rightarrow B} = q(V_A - V_B)$$

Energía potencial eléctrica dunha carga, q , situada nun punto A

$$E_{pA} = q \cdot V_A$$

Energía cinética dunha masa, m , que se move cunha velocidade, v

$$E_c = \frac{1}{2} m \cdot v^2$$

Principio da conservación da enerxía entre dous puntos A e B

$$(E_c + E_p)_A = (E_c + E_p)_B$$

Solución:

a) Faise un diagrama no que se sitúan os puntos A(0, 1), B(0, -1) e C(-3, 0). Debúxanse os vectores do campo no punto C, un vector por cada carga, prestando atención ao sentido, que é de repulsión, porque as cargas son positivas.

Como os seus valores son iguais, porque as cargas e as distancias son as mesmas, os vectores serán da mesma medida.

Debúxase o vector suma, que é o campo resultante, \vec{E}_C .

As compoñentes verticais dos campos creados polas cargas anúlense e a resultante estará dirixida no sentido negativo do eixe X. O valor da resultante será a suma das compoñentes horizontais de cada carga, e, como son dúas, o vector campo resultante medirá o dobre da compoñente horizontal dun deles.

O principio de superposición di que a intensidade de campo eléctrico nun punto, debido á presenza de varias cargas, é a suma vectorial dos campos producidos nese punto por cada carga, coma se o resto das cargas non estivese presente.

Para determinar o campo nun punto, calcúlanse os campos creados nese punto por cada carga, e despois súmanse os vectores.

A forza eléctrica entre dúas cargas puntuais, Q e q , separadas por unha distancia, r , vén dada pola lei de Coulomb, na que K é a constante de Coulomb e \vec{u}_r o vector unitario na liña que une as cargas.

$$\vec{F}_E = K \frac{Q \cdot q}{r^2} \vec{u}_r$$

O campo eléctrico nun punto situado a unha distancia, r , dunha carga puntual, Q , é a forza sobre a unidade de carga positiva situada nese punto:

$$\vec{E} = \frac{\vec{F}_E}{q} = \frac{K \frac{Q \cdot q}{r^2} \vec{u}_r}{q} = K \frac{Q}{r^2} \vec{u}_r$$


Calcúlase a distancia do punto A ao punto C:

$$r_{AC} = \sqrt{(3,00 \text{ [m]})^2 + (1,00 \text{ [m]})^2} = 3,16 \text{ m}$$

Calcúlase o vector unitario do punto C, tomando como orixe o punto A:

$$\vec{u}_{AC} = \frac{\vec{r}_{AC}}{|\vec{r}_{AC}|} = \frac{(-3,00 \vec{i} - 1,00 \vec{j}) \text{ [m]}}{3,16 \text{ [m]}} = -0,949 \vec{i} - 0,316 \vec{j}$$

Calcúlase o campo no punto C, creado pola carga de $+2 \mu\text{C}$ situada no punto A:



$$\vec{E}_{CA} = 9,00 \cdot 10^9 \text{ [N}\cdot\text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}] \frac{2 \cdot 10^{-6} \text{ [C]}}{(3,16 \text{ [m]})^2} (-0,949 \vec{i} - 0,343 \vec{j}) = (-1,71 \cdot 10^3 \vec{i} - 5,69 \cdot 10^2 \vec{j}) \text{ N/C}$$

O campo no punto C, creado pola carga de $+2 \mu\text{C}$ situada no punto B, é simétrico ao do punto A. Os valores das súas compoñentes son os mesmos, pero o signo da compoñente vertical é oposto, porque está dirixida en sentido contrario:

$$\vec{E}_{CB} = (-1,71 \cdot 10^3 \vec{i} + 5,69 \cdot 10^2 \vec{j}) \text{ N/C}$$

Polo principio de superposición, o campo resultante no punto C é a suma vectorial dos campos creados nese punto por cada carga.

$$\vec{E}_C = \vec{E}_{CA} + \vec{E}_{CB} = (-1,71 \cdot 10^3 \vec{i} - 5,69 \cdot 10^2 \vec{j}) \text{ [N/C]} + (-1,71 \cdot 10^3 \vec{i} + 5,69 \cdot 10^2 \vec{j}) \text{ [N/C]} = -3,42 \cdot 10^3 \vec{i} \text{ N/C}$$

Análise: Coincide co debuxo. O campo resultante do cálculo vai no sentido negativo do eixe X.

O potencial eléctrico nun punto, debido á presenza de varias cargas, é a suma dos potenciais producidos nese punto por cada carga, coma se o resto das cargas non estivese presente.

Para determinar o potencial eléctrico nun punto, calcúlanse os potenciais creados nese punto por cada carga, e despois súmanse.

A ecuación do potencial eléctrico, V , nun punto situado a unha distancia, r , dunha carga puntual, Q , é:

$$V = K \frac{Q}{r}$$

K é a constante de Coulomb.

Os potenciais eléctricos no punto C, debidos ás cargas situadas nos puntos A e B, son iguais, porque tanto as cargas como as distancias son iguais. O potencial eléctrico no punto C, que é a suma, vale o dobre que o potencial dunha carga.

$$V_C = V_{CA} + V_{CB} = 2 \cdot V_{CA} = 2 \cdot 9,00 \cdot 10^9 \text{ [N}\cdot\text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}] \frac{2,00 \cdot 10^{-6} \text{ [C]}}{(3,16 \text{ [m]})} = 1,14 \cdot 10^4 \text{ V}$$

O campo eléctrico é un campo conservativo, porque o traballo realizado pola forza do campo, cando unha carga se move entre dous puntos, é independente do camiño seguido e depende só dos puntos inicial e final. Defínese unha función escalar chamada enerxía potencial, E_p , asociada ao campo vectorial de forzas, de tal xeito que o traballo realizado pola forza do campo ao mover unha carga entre dous puntos é igual á variación da enerxía potencial entre estes dous puntos, cambiada de signo.

$$W = -\Delta E_p$$

Tamén se define outra magnitude escalar, chamada potencial eléctrico, que é igual á enerxía potencial da unidade de carga.

$$V = \frac{E_p}{q}$$

O traballo realizado pola forza de campo, cando unha carga se move do punto A ao punto B, é:

$$W_{A \rightarrow B} = -\Delta E_p = -(E_{pB} - E_{pA}) = (E_{pA} - E_{pB}) = q \cdot V_A - q \cdot V_B = q (V_A - V_B)$$

b) Calcúlase o traballo realizado pola forza de campo cando se move unha carga de $3 \mu\text{C}$ desde o infinito ata o punto C. O potencial eléctrico no infinito é cero, porque se toma como orixe.

$$W_{\infty \rightarrow C} = q_1 \cdot (V_{\infty} - V_C) = 3,00 \cdot 10^{-6} \text{ [C]} \cdot (0 - 1,14 \cdot 10^4) \text{ [V]} = -0,0342 \text{ J}$$

Supoñendo que chega coa mesma velocidade coa que sae, o traballo da forza resultante, igual ao cambio de enerxía cinética, será cero:

$$W(\text{resultante}) = W(\text{campo}) + W(\text{exterior}) = \Delta E_c = 0$$

O traballo a realizar é o contrario ao da forza de campo.

$$W(\text{exterior}) = -W(\text{campo}) = 0,0342 \text{ J}$$

c) Como a forza eléctrica é unha forza conservativa, a enerxía mecánica consérvase.

$$(E_c + E_p)_C = (E_c + E_p)_D$$

$$\frac{1}{2} m v_C^2 + q \cdot V_C = \frac{1}{2} m v_D^2 + q \cdot V_D$$

Calcúlase o potencial eléctrico no punto D, de xeito análogo ao do punto C, tendo en conta que a distancia do punto A ao punto D é: $r_{AD} = |0 - 1,00 \text{ [m]}| = 1,00 \text{ m}$.

$$V_D = 2 \cdot V_{DA} = 2 \cdot 9,00 \cdot 10^9 \text{ [N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}] \frac{2,00 \cdot 10^{-6} \text{ [C]}}{(1,00 \text{ [m]})} = 2 \cdot 1,80 \cdot 10^4 \text{ V} = 3,60 \cdot 10^4 \text{ V}$$

Escríbese a ecuación de conservación da enerxía:

$$-2,00 \cdot 10^{-6} \text{ [C]} \cdot (1,14 \cdot 10^4 \text{ [V]}) = (1,00 \cdot 10^{-3} \text{ [kg]} \cdot v_D^2) / 2 + (-2,00 \cdot 10^{-6} \text{ [C]}) \cdot (3,60 \cdot 10^4 \text{ [V]})$$

Calcúlase a velocidade despegando:

$$v_D = \sqrt{\frac{2 \cdot (-2,00 \cdot 10^{-6} \text{ [C]}) \cdot (1,14 \cdot 10^4 - 3,60 \cdot 10^4) \text{ [V]}}{1,00 \cdot 10^{-3} \text{ [kg]}}} = \sqrt{\frac{2 \cdot 0,0492 \text{ [J]}}{1,00 \cdot 10^{-3} \text{ [kg]}}} = 9,92 \text{ m/s}$$

Como a velocidade é un vector, hai que determinar a dirección e o sentido.

Pódese deducir que a aceleración ten a dirección do eixe X en sentido positivo, xa que as cargas negativas sofren unha forza de sentido oposto ao campo. Aínda que o valor do campo resultante na orixe é cero, no punto ten a dirección do eixe X en sentido negativo. Se un móbil parte do repouso, e a aceleración ten dirección constante, o movemento será rectilíneo na liña da aceleración. Por tanto, a dirección da velocidade é a do eixe X en sentido positivo:

$$\vec{v}_D = 9,92 \vec{i} \text{ m/s}$$

3. Tres cargas eléctricas puntuais de 10^{-6} C atópanse situadas nos vértices dun cadrado de 1 m de lado. Calcula:

- A intensidade do campo e o potencial eléctrico no vértice libre.
- Módulo, dirección e sentido da forza do campo electrostático sobre unha carga de $-2 \cdot 10^{-6} \text{ C}$ situada no devandito vértice.
- O traballo realizado pola forza do campo para trasladar a devandita carga desde o vértice ao centro do cadrado. Interpreta o signo do resultado.

Dato: $K = 9 \cdot 10^9 \text{ N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}$.

(P.A.U. set. 13)

Rta.: a) $\vec{E} = 1,72 \cdot 10^4 \text{ N/C}$, diagonal cara a fóra; $V = 2,44 \cdot 10^4 \text{ V}$; b) $|\vec{F}| = 0,0344 \text{ N}$, diagonal cara ao centro; c) $W_E = 0,0276 \text{ J}$.

Datos

Lado do cadrado

Valores das cargas situadas nos vértices

Valor da carga situada no cuarto vértice

Constante de Coulomb

Incógnitas

Intensidade do campo eléctrico no cuarto vértice

Potencial eléctrico no cuarto vértice

Forza do campo sobre unha carga de $-2 \mu\text{C}$ no cuarto vértice

Traballo do campo ao levar $-2 \mu\text{C}$ desde o 4º vértice ao centro do cadrado

Outros símbolos

Distancia

Ecuacións

Campo eléctrico nun punto a unha distancia, r , dunha carga puntual, Q

Principio de superposición

Potencial eléctrico nun punto a unha distancia, r , dunha carga puntual, Q

Potencial eléctrico nun punto debido a varias cargas

Traballo da forza eléctrica ao mover unha carga do punto A ao punto B

Cifras significativas: 3

$l = 1,00 \text{ m}$

$Q_A = Q_B = Q_C = 1,00 \cdot 10^{-6} \text{ C}$

$Q_D = -2,00 \cdot 10^{-6} \text{ C}$

$K = 9,00 \cdot 10^9 \text{ N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}$

\vec{E}_D

V_D

\vec{F}

$W_{D \rightarrow G}$

r

$$\vec{E} = K \frac{Q}{r^2} \vec{u}_r$$

$$\vec{E}_A = \sum \vec{E}_{A_i}$$

$$V = K \frac{Q}{r}$$

$$V = \sum V_i$$

$$W_{A \rightarrow B} = q (V_A - V_B)$$

Campo eléctrico

$$\vec{E} = \frac{\vec{F}_E}{q}$$

Solución:

a) Faise un debuxo do cadrado no que se sitúan os puntos A, B, C e D. Debúxanse os vectores do campo no cuarto vértice, un vector por cada carga, prestando atención ao sentido, que é de repulsión, porque as cargas son positivas.

Os campos creados polas cargas situadas nos puntos C e B son do mesmo valor e a resultante delas vai para fóra na diagonal AD.

O campo creado pola carga situada no punto A é de menor valor, porque se atopa máis lonxe, pero tamén vai para fóra na diagonal AD.

Debúxase o vector suma, que é o campo resultante, \vec{E}_D .

O principio de superposición di que a intensidade de campo eléctrico nun punto, debido á presenza de varias cargas, é a suma vectorial dos campos producidos nese punto por cada carga, coma se o resto das cargas non estivese presente.

Para determinar o campo nun punto, calcúlanse os campos creados nese punto por cada carga, e despois súmanse os vectores.

A forza eléctrica entre dúas cargas puntuais, Q e q , separadas por unha distancia, r , vén dada pola lei de Coulomb, na que K é a constante de Coulomb e \vec{u}_r o vector unitario na liña que une as cargas.

$$\vec{F}_E = K \frac{Q \cdot q}{r^2} \vec{u}_r$$

O campo eléctrico nun punto situado a unha distancia, r , dunha carga puntual, Q , é a forza sobre a unidade de carga positiva situada nese punto:

$$\vec{E} = \frac{\vec{F}_E}{q} = \frac{K \frac{Q \cdot q}{r^2} \vec{u}_r}{q} = K \frac{Q}{r^2} \vec{u}_r$$

Elíxese un sistema de referencia coa orixe en cada carga, tomando o eixe X horizontal, positivo cara á dereita, e o eixe Y vertical, positivo cara arriba.

A distancia AD é a lonxitude da diagonal do cadrado:

$$r_{AD} = |\vec{r}_{AD}| = \sqrt{(1,00 \text{ [m]})^2 + (1,00 \text{ [m]})^2} = 1,41 \text{ m}$$

Calcúlase vector unitario do punto D, tomando como orixe o punto A:

$$\vec{u}_{AD} = \frac{\vec{r}_{AD}}{r_{AD}} = \frac{(1,00 \vec{i} + 1,00 \vec{j}) \text{ [m]}}{1,41 \text{ [m]}} = 0,707 \vec{i} + 0,707 \vec{j}$$

Calcúlase o campo no punto D, creado pola carga de $1 \mu\text{C}$ situada no punto A:

$$\vec{E}_{DA} = 9,00 \cdot 10^9 \text{ [N} \cdot \text{m}^2 \text{C}^{-2}] \cdot \frac{1,00 \cdot 10^{-6} \text{ [C]}}{(1,41 \text{ [m]})^2} (0,707 \vec{i} + 0,707 \vec{j}) = (3,18 \cdot 10^3 \vec{i} + 3,18 \cdot 10^3 \vec{j}) \text{ N/C}$$

A distancia BD é a lonxitude do lado: $r_{BD} = l = 1,00 \text{ m}$

O vector unitario do punto D, tomando como orixe o punto B, é \vec{j} , o vector unitario do eixe Y.


Calcúlase o campo no punto D, creado pola carga de $1 \mu\text{C}$ situada no punto B:

$$\vec{E}_{DB} = 9,00 \cdot 10^9 \text{ [N} \cdot \text{m}^2 \text{C}^{-2}] \cdot \frac{1,00 \cdot 10^{-6} \text{ [C]}}{(1,00 \text{ [m]})^2} \vec{j} = 9,00 \cdot 10^3 \vec{j} \text{ N/C}$$

O campo no punto D, creado pola carga de $1 \mu\text{C}$ situada no punto C, ten o mesmo valor, porque a carga e a distancia son as mesmas, pero está dirixida no sentido positivo do eixe X. O vector unitario do punto D, tomando como orixe o punto C, é \vec{i} , o vector unitario do eixe X.

$$\vec{E}_{DC} = 9,00 \cdot 10^3 \vec{i} \text{ N/C}$$

Polo principio de superposición, o campo resultante no punto D é a suma vectorial dos campos creados nese punto por cada carga.



$$\vec{E}_D = \vec{E}_{DA} + \vec{E}_{DB} + \vec{E}_{DC}$$

$$\vec{E}_D = (3,18 \cdot 10^3 \vec{i} + 3,18 \cdot 10^3 \vec{j}) \text{ [N/C]} + 9,00 \cdot 10^3 \vec{j} \text{ [N/C]} + 9,00 \cdot 10^3 \vec{i} \text{ [N/C]} = (1,22 \cdot 10^4 \vec{i} + 1,22 \cdot 10^4 \vec{j}) \text{ N/C}$$

Análise: Coincide co debuxo. O campo resultado do cálculo é diagonal cara arriba e cara á dereita.

O valor da del campo eléctrico é:

$$|\vec{E}_D| = \sqrt{(1,22 \cdot 10^4 \text{ [N/C]})^2 + (1,22 \cdot 10^4 \text{ [N/C]})^2} = 1,72 \cdot 10^4 \text{ N/C}$$

Un resultado independente de como se elixiron os vértices é: o campo no vértice libre é de $1,72 \cdot 10^4 \text{ N/C}$ e vai na dirección da súa diagonal, cara a fóra.

O potencial eléctrico nun punto, debido á presenza de varias cargas, é a suma dos potenciais producidos nese punto por cada carga, coma se o resto das cargas non estivese presente.

Para determinar o potencial eléctrico nun punto, calcúlanse os potenciais creados nese punto por cada carga, e despois súmanse.

A ecuación do potencial eléctrico, V , nun punto situado a unha distancia, r , dunha carga puntual, Q , é:

$$V = K \frac{Q}{r}$$

K é a constante de Coulomb.

Os potenciais eléctricos no punto D, debidos ás cargas situadas nos puntos C e B, son iguais, porque tanto as cargas como as distancias son iguais:

$$V_{DB} = V_{DC} = 9,00 \cdot 10^9 \text{ [N} \cdot \text{m}^2 \text{C}^{-2}] \frac{1,00 \cdot 10^{-6} \text{ [C]}}{(1,00 \text{ [m]})} = 9,00 \cdot 10^3 \text{ V}$$

Calcúlase o potencial eléctrico no punto D, creado pola carga situada no punto A:

$$V_{DA} = 9,00 \cdot 10^9 \text{ [N} \cdot \text{m}^2 \text{C}^{-2}] \frac{1,00 \cdot 10^{-6} \text{ [C]}}{(1,41 \text{ [m]})} = 6,36 \cdot 10^3 \text{ V}$$

O potencial eléctrico no punto D é a suma dos potenciais de cada unha das cargas nese punto.

$$V_D = V_{DA} + V_{DB} + V_{DC} = 6,36 \cdot 10^3 \text{ [V]} + 9,00 \cdot 10^3 \text{ [V]} + 9,00 \cdot 10^3 \text{ [V]} = 2,44 \cdot 10^4 \text{ V}$$

b) Como o campo eléctrico nun punto é a forza sobre a unidade de carga positiva colocada nese punto, calcúlase a forza eléctrica sobre a carga de $-2 \mu\text{C}$ a partir do campo:

$$\vec{E} = \frac{\vec{F}}{q} \Rightarrow \vec{F} = q \cdot \vec{E} = -2,00 \cdot 10^{-6} \text{ [C]} (1,22 \cdot 10^4 \vec{i} + 1,22 \cdot 10^4 \vec{j}) \text{ [N/C]} = (-2,44 \cdot 10^{-2} \vec{i} - 2,44 \cdot 10^{-2} \vec{j}) \text{ N}$$

O módulo da forza é:

$$|\vec{F}| = |q| \cdot |\vec{E}| = 2,00 \cdot 10^{-6} \text{ [C]} \cdot 1,72 \cdot 10^4 \text{ [N/C]} = 3,44 \cdot 10^{-2} \text{ N}$$

Un resultado independente de como se elixiron os vértices é: a forza sobre a carga de $-2 \mu\text{C}$, situada no vértice libre é de $3,44 \cdot 10^{-2} \text{ N}$ na dirección da súa diagonal, cara ao centro do cadrado, porque a carga é negativa.

O campo eléctrico é un campo conservativo, porque o traballo realizado pola forza do campo, cando unha carga se move entre dous puntos, é independente do camiño seguido e depende só dos puntos inicial e final. Defínese unha función escalar chamada enerxía potencial, E_p , asociada ao campo vectorial de forzas, de tal xeito que o traballo realizado pola forza do campo ao mover unha carga entre dous puntos é igual á variación da enerxía potencial entre estes dous puntos, cambiada de signo.

$$W = -\Delta E_p$$

Tamén se define outra magnitude escalar, chamada potencial eléctrico, que é igual á enerxía potencial da unidade de carga.

$$V = \frac{E_p}{q}$$

O traballo realizado pola forza de campo, cando unha carga se move do punto A ao punto B, é:

$$W_{A \rightarrow B} = -\Delta E_p = -(E_{pB} - E_{pA}) = (E_{pA} - E_{pB}) = q \cdot V_A - q \cdot V_B = q (V_A - V_B)$$

c) Falta calcular o potencial eléctrico no punto G, situado no centro do cadrado, de forma análoga a como se fixo antes.

A distancia de cada vértice ao centro do cadrado é a metade da diagonal:

$$r_{AG} = r_{BG} = r_{CG} = 1,41 \text{ [m]} / 2 = 0,707 \text{ m}$$

Calcúlanse os potenciais eléctricos no punto G, debidos ás cargas situadas en A, B e C, que son iguais, porque tanto as cargas como as distancias son iguais. O potencial eléctrico no punto G, que é a suma, é o triplo do potencial dunha carga.

$$V_G = V_{GA} + V_{GB} + V_{GC} = 3 \cdot V_{GA} = 3 \cdot 9,00 \cdot 10^9 \text{ [N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}] \frac{1,00 \cdot 10^{-6} \text{ [C]}}{(0,707 \text{ [m]})} = 3 \cdot 1,27 \cdot 10^4 \text{ [V]} = 3,82 \cdot 10^4 \text{ V}$$

O traballo realizado pola forza de campo cando se traslada unha carga de $-2 \mu\text{C}$ desde o vértice D ata o centro, G, do cadrado é:

$$W_E = W_{D \rightarrow G} = q (V_D - V_G) = -2,00 \cdot 10^{-6} \text{ [C]} \cdot (2,44 \cdot 10^4 - 3,82 \cdot 10^4) \text{ [V]} = 2,76 \cdot 10^{-2} \text{ J}$$

O traballo é positivo porque o sentido da forza, cara ao centro do cadrado, e o do desprazamento son iguais.

4. Dúas cargas eléctricas de $+8 \mu\text{C}$ están situadas en A(0, 0,5) e B(0, -0,5) (en metros). Calcula:

a) O campo eléctrico en C(1, 0) e en D(0, 0)

b) O potencial eléctrico en C e en D.

c) Se unha partícula de masa $m = 0,5 \text{ g}$ e carga $q = -1 \mu\text{C}$ sitúase en C cunha velocidade inicial de 10^3 m/s , calcula a velocidade en D.

Datos: $K = 9 \cdot 10^9 \text{ N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}$; $1 \mu\text{C} = 10^{-6} \text{ C}$. Nota: só interveñen forzas eléctricas. (P.A.U. set. 12)

Rta.: a) $\vec{E}_C = 1,03 \cdot 10^5 \vec{i} \text{ N/C}$; $\vec{E}_D = \vec{0}$; b) $V_C = 1,29 \cdot 10^5 \text{ V}$; $V_D = 2,88 \cdot 10^5 \text{ V}$; c) $v_D = -1,00 \cdot 10^3 \vec{i} \text{ m/s}$.

Datos

Valor da carga situada no punto A

Valor da carga situada no punto B

Posición do punto A

Posición do punto B

Posición do punto C

Posición do punto D

Masa da partícula que se despraza

Carga da partícula que se despraza

Velocidade inicial no punto C

Constante de Coulomb

Incógnitas

Campo eléctrico nos puntos C e D

Potenciais eléctricos nos puntos C e D

Velocidade que terá ao pasar polo punto D

Outros símbolos

Distancia

Ecuacións

Campo eléctrico nun punto a unha distancia, r , dunha carga puntual, Q

Principio de superposición

Potencial eléctrico nun punto a unha distancia, r , dunha carga puntual, Q

Potencial eléctrico nun punto debido a varias cargas

Energía potencial eléctrica dunha carga, q , situada nun punto A

Energía cinética dunha masa, m , que se move cunha velocidade, v

Principio da conservación da enerxía entre dous puntos A e B

Cifras significativas: 3

$$Q_A = 8,00 \mu\text{C} = 8,00 \cdot 10^{-6} \text{ C}$$

$$Q_B = 8,00 \mu\text{C} = 8,00 \cdot 10^{-6} \text{ C}$$

$$\vec{r}_A = (0, 0,500) \text{ m}$$

$$\vec{r}_B = (0, -0,500) \text{ m}$$

$$\vec{r}_C = (1,00, 0,00) \text{ m}$$

$$\vec{r}_D = (0,00, 0,00) \text{ m}$$

$$m = 0,500 \text{ g} = 5,00 \cdot 10^{-4} \text{ kg}$$

$$q = -1,00 \mu\text{C} = -1,00 \cdot 10^{-6} \text{ C}$$

$$v_C = 1,00 \cdot 10^3 \text{ m/s}$$

$$K = 9,00 \cdot 10^9 \text{ N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}$$

$$\vec{E}_C, \vec{E}_D$$

$$V_C, V_D$$

$$v_D$$

$$r$$

$$\vec{E} = K \frac{Q}{r^2} \vec{u}_r$$

$$\vec{E}_A = \sum \vec{E}_{A_i}$$

$$V = K \frac{Q}{r}$$

$$V = \sum V_i$$

$$E_{pA} = q \cdot V_A$$

$$E_c = \frac{1}{2} m \cdot v^2$$

$$(E_c + E_p)_A = (E_c + E_p)_B$$

Solución:

a) Faise un diagrama no que se sitúan os puntos A(0, 0,5), B(0, -0,5) e C(1, 0). Debúxanse os vectores do campo no punto C, un vector por cada carga, prestando atención ao sentido, que é de repulsión, porque as cargas son positivas.

Como os seus valores son iguais, porque as cargas e as distancias son iguais, os vectores terán a mesma medida.

Debúxase o vector suma, que é o campo resultante, \vec{E}_C .

As compoñentes verticais dos campos creados polas cargas anúlanse e a resultante estará dirixida no sentido positivo do eixe X. O valor da resultante será a suma das compoñentes horizontais de cada carga, e, como son dúas, o vector campo resultante medirá o dobre da compoñente horizontal dun deles.

O principio de superposición di que a intensidade de campo eléctrico nun punto, debido á presenza de varias cargas, é a suma vectorial dos campos producidos nese punto por cada carga, coma se o resto das cargas non estivese presente.

Para determinar o campo nun punto, calcúlanse os campos creados nese punto por cada carga, e despois súmanse os vectores.

A forza eléctrica entre dúas cargas puntuais, Q e q , separadas por unha distancia, r , vén dada pola lei de Coulomb, na que K é a constante de Coulomb e \vec{u}_r o vector unitario na liña que une as cargas.

$$\vec{F}_E = K \frac{Q \cdot q}{r^2} \vec{u}_r$$

O campo eléctrico nun punto situado a unha distancia, r , dunha carga puntual, Q , é a forza sobre a unidade de carga positiva situada nese punto:

$$\vec{E} = \frac{\vec{F}_E}{q} = \frac{K \frac{Q \cdot q}{r^2} \vec{u}_r}{q} = K \frac{Q}{r^2} \vec{u}_r$$

Calcúlase a distancia do punto A ao punto C:

$$r_{AC} = \sqrt{(0,500 \text{ [m]})^2 + (1,00 \text{ [m]})^2} = 1,12 \text{ m}$$

Calcúlase o vector unitario do punto C, tomando como orixe o punto A:

$$\vec{u}_{AC} = \frac{\vec{r}_{AC}}{|\vec{r}_{AC}|} = \frac{(1,00 \vec{i} - 0,500 \vec{j}) \text{ [m]}}{1,12 \text{ [m]}} = 0,894 \vec{i} - 0,447 \vec{j}$$

Calcúlase o campo no punto C creado pola carga de $+8 \mu\text{C}$ situada no punto A:

$$\vec{E}_{CA} = 9,00 \cdot 10^9 \text{ [N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}] \cdot \frac{8,00 \cdot 10^{-6} \text{ [C]}}{(1,12 \text{ [m]})^2} (0,894 \vec{i} - 0,447 \vec{j}) = (5,15 \cdot 10^4 \vec{i} - 2,58 \cdot 10^4 \vec{j}) \text{ N/C}$$

O campo no punto C, creado pola carga de $+8 \mu\text{C}$ situada no punto B, é simétrico ao do punto A. Os valores das súas compoñentes son os mesmos, pero o signo da compoñente vertical é oposto, porque está dirixida en sentido contrario:

$$\vec{E}_{CB} = (5,15 \cdot 10^4 \vec{i} + 2,58 \cdot 10^4 \vec{j}) \text{ N/C}$$



Polo principio de superposición, o campo resultante no punto C é a suma vectorial dos campos creados nese punto por cada carga.

$$\vec{E}_C = \vec{E}_{CA} + \vec{E}_{CB} = 1,030 \cdot 10^5 \vec{i} \text{ N/C}$$

Análise: Coincide co debuxo. O campo resultante do cálculo vai no sentido positivo do eixe X.

Faise un diagrama no que se sitúan os puntos A, B e C. Debúxanse os vectores do campo no punto D(0, 0), un vector por cada carga, prestando atención ao sentido, que é de repulsión, porque as cargas son positivas.

Como as distancias AD e BD son as mesmas e as cargas situadas en A e en B son iguais, os campos creados polas cargas situadas nos puntos A e B son opostos, do mesmo valor e dirección pero de sentido contrario, como se ve no debuxo, polo que a súa resultante é nula.



$$\vec{E}_D = \vec{0}$$

Deseguido, vanse realizar os cálculos, aínda que non é necesario.

Calcúlase o campo no punto D, creado pola carga de $+8 \mu\text{C}$ situada no punto A:

$$\vec{E}_{DA} = 9,00 \cdot 10^9 [\text{N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}] \cdot \frac{8,00 \cdot 10^{-6} [\text{C}]}{(0,500 [\text{m}])^2} (-\vec{j}) = -2,88 \cdot 10^5 \vec{j} \text{ N/C}$$

O campo no punto D, creado pola carga de $8 \mu\text{C}$ situada no punto B, é o oposto ao creado pola carga situada no punto A:

$$\vec{E}_{DB} = 2,88 \cdot 10^5 \vec{j} \text{ N/C}$$

Polo principio de superposición, o campo resultante no punto D é a suma vectorial dos campos creados nese punto por cada carga.

$$\vec{E}_D = \vec{E}_{DA} + \vec{E}_{DB} = \vec{0}$$

Análise: Como as distancias e as cargas son iguais, e están situadas simetricamente, a resultante ten que ser nula.

O potencial eléctrico nun punto, debido á presenza de varias cargas, é a suma dos potenciais producidos nese punto por cada carga, coma se o resto das cargas non estivese presente.

Para determinar o potencial eléctrico nun punto, calcúlanse os potenciais creados nese punto por cada carga, e despois súmanse.

A ecuación do potencial eléctrico, V , nun punto situado a unha distancia, r , dunha carga puntual, Q , é:

$$V = K \frac{Q}{r}$$

K é a constante de Coulomb.

b) Os potenciais eléctricos no punto C, debidos ás cargas situadas nos puntos A e B, son iguais, porque tanto as cargas como as distancias son iguais. O potencial eléctrico no punto C, que é a suma, vale o dobre que o potencial dunha carga.

$$V_C = V_{CA} + V_{CB} = 2 \cdot V_{CA} = 2 \cdot 9,00 \cdot 10^9 [\text{N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}] \frac{8,00 \cdot 10^{-6} [\text{C}]}{(1,12 [\text{m}])} = 2 \cdot 6,44 \cdot 10^4 [\text{V}] = 1,29 \cdot 10^5 \text{ V}$$

O potencial eléctrico no punto D calcúlase dun xeito similar:

$$V_D = V_{DA} + V_{DB} = 2 \cdot V_{DA} = 2 \cdot 9,00 \cdot 10^9 [\text{N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}] \frac{8,00 \cdot 10^{-6} [\text{C}]}{(0,500 [\text{m}])} = 2 \cdot 1,44 \cdot 10^5 [\text{V}] = 2,88 \cdot 10^5 \text{ V}$$

c) Como a forza eléctrica é unha forza conservativa, a enerxía mecánica consérvase.

$$\begin{aligned} (E_c + E_p)_C &= (E_c + E_p)_D \\ \frac{1}{2} m v_C^2 + q \cdot V_C &= \frac{1}{2} m v_D^2 + q \cdot V_D \\ (5,00 \cdot 10^{-4} [\text{kg}] / 2) \cdot (1,00 \cdot 10^3 [\text{m/s}])^2 + (-1,00 \cdot 10^{-6} [\text{C}]) \cdot 1,29 \cdot 10^5 [\text{V}] &= \\ &= (5,00 \cdot 10^{-4} [\text{kg}] / 2) \cdot v_D^2 + (-1,00 \cdot 10^{-6} [\text{C}]) \cdot 2,88 \cdot 10^5 [\text{V}] \end{aligned}$$

Calcúlase a velocidade que terá ao pasar polo punto D desdexando:

$$v_D = \sqrt{\frac{500 + 2(0,288 - 0,128)}{5,00 \cdot 10^{-4}}} = 1,00 \cdot 10^3 \text{ m/s}$$

Análise: A velocidade é practicamente a mesma pero un pouco maior xa que a carga negativa é acelerada en sentido contrario ao campo eléctrico.

Como a velocidade é un vector, hai que determinar a dirección e o sentido.

Pódese deducir que a aceleración ten a dirección do eixe X en sentido negativo, xa que as cargas negativas sofren unha forza de sentido oposto ao campo. Se un móbil parte do repouso, e a aceleración ten dirección constante, o movemento será rectilíneo na mesma liña que a aceleración.

$$\vec{v}_D = -1,00 \cdot 10^3 \vec{i} \text{ m/s}$$

5. Tres cargas de $+3 \mu\text{C}$ están situadas equidistantes entre si sobre unha circunferencia de raio 2 m. Calcula:
- O potencial eléctrico no centro da circunferencia.
 - O campo eléctrico no mesmo punto.
 - O traballo para traer unha carga $q = 1 \mu\text{C}$ desde o infinito ao centro da circunferencia.
- Dato: $K = 9 \cdot 10^9 \text{ N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}$. (P.A.U. xuño 12)
- Rta.:** a) $V = 4,05 \cdot 10^4 \text{ V}$; b) $\vec{E}_O = \vec{0}$; c) $W(\text{ext.}) = 4,05 \cdot 10^{-2} \text{ J}$.

Datos

Valor de cada carga
Radio da circunferencia
Valor da carga que se traslada
Constante de Coulomb

Incógnitas

Potencial eléctrico no centro da circunferencia
Campo eléctrico no centro da circunferencia
Traballo para trasladar unha carga de $1 \mu\text{C}$ desde o infinito ao centro

Outros símbolos

Distancia

Ecuacións

Campo eléctrico nun punto a unha distancia, r , dunha carga puntual, Q

Principio de superposición

Potencial eléctrico nun punto a unha distancia, r , dunha carga puntual, Q

Potencial eléctrico nun punto debido a varias cargas

Traballo da forza eléctrica ao mover unha carga do punto A ao punto B

Cifras significativas: 3

$$Q = 3,00 \mu\text{C} = 3,00 \cdot 10^{-6} \text{ C}$$

$$R = 2,00 \text{ m}$$

$$q = -1,00 \mu\text{C} = 1,00 \cdot 10^{-6} \text{ C}$$

$$K = 9,00 \cdot 10^9 \text{ N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}$$

$$V_O$$

$$\vec{E}_O$$

$$W_{\infty \rightarrow O}$$

$$r$$

$$\vec{E} = K \frac{Q}{r^2} \vec{u}_r$$

$$\vec{E}_A = \sum \vec{E}_{A_i}$$

$$V = K \frac{Q}{r}$$

$$V = \sum V_i$$

$$W_{A \rightarrow B} = q(V_A - V_B)$$

Solución:

a)

O potencial eléctrico nun punto, debido á presenza de varias cargas, é a suma dos potenciais producidos nese punto por cada carga, coma se o resto das cargas non estivese presente.

Para determinar o potencial eléctrico nun punto, calcúlanse os potenciais creados nese punto por cada carga, e despois súmanse.

A ecuación do potencial eléctrico, V , nun punto situado a unha distancia, r , dunha carga puntual, Q , é:

$$V = K \frac{Q}{r}$$

K é a constante de Coulomb.


Os potenciais no centro, O, da circunferencia, debidos ás cargas situadas nos puntos A, B e C, son iguais, porque tanto as cargas como as distancias son iguais. O potencial eléctrico no punto O, que é a suma, vale o triplo do potencial dunha carga.

$$V_O = V_{OC} + V_{OB} + V_{OA} = 3 \cdot V_{OA} = 3 \cdot 9,00 \cdot 10^9 [\text{N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}] \frac{3,00 \cdot 10^{-6} [\text{C}]}{(2,00 [\text{m}])} = 3 \cdot 1,05 \cdot 10^4 [\text{V}] = 4,05 \cdot 10^4 \text{ V}$$

b) Faise un debuxo do triángulo inscrito na circunferencia e sitúanse os vértices A, B e C. Debúxanse os vectores do campo no centro da circunferencia, un vector por cada carga, prestando atención ao sentido, que é de repulsión, porque as cargas son positivas.

Ao ser as tres cargas iguais e estar á mesma distancia do centro da circunferencia, os tres vectores do campo son do mesmo valor, son simétricos e a súa resultante é nula.

$$\vec{E}_O = \vec{0}$$



Deseguido, vanse realizar os cálculos, aínda que non é necesario.

O principio de superposición di que a intensidade de campo eléctrico nun punto, debido á presenza de varias cargas, é a suma vectorial dos campos producidos nese punto por cada carga, coma se o resto das cargas non estivese presente.

Para determinar o campo nun punto, calcúlanse os campos creados nese punto por cada carga, e despois súmanse os vectores.

A forza eléctrica entre dúas cargas puntuais, Q e q , separadas por unha distancia, r , vén dada pola lei de Coulomb, na que K é a constante de Coulomb e \vec{u}_r o vector unitario na liña que une as cargas.

$$\vec{F}_E = K \frac{Q \cdot q}{r^2} \vec{u}_r$$

O campo eléctrico nun punto situado a unha distancia, r , dunha carga puntual, Q , é a forza sobre a unidade de carga positiva situada nese punto:

$$\vec{E} = \frac{\vec{F}_E}{q} = \frac{K \frac{Q \cdot q}{r^2} \vec{u}_r}{q} = K \frac{Q}{r^2} \vec{u}_r$$

O vector unitario do punto O, tomando como orixe o punto A, é $-\vec{i}$, o vector unitario do eixe X en sentido negativo.

Calcúlase o campo no centro, O, da circunferencia, creado pola carga de $3 \mu\text{C}$ situada no punto A:

$$\vec{E}_{\text{OA}} = 9,00 \cdot 10^9 [\text{N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}] \frac{3,00 \cdot 10^{-6} [\text{C}]}{(2,00 [\text{m}])^2} (-\vec{i}) = -6,75 \cdot 10^3 \vec{i} \text{ N/C}$$

Cando se coñece o ángulo α que forma un vector co eixe X, o vector unitario calcúlase coa expresión: $\vec{u}_r = \cos \alpha \vec{i} + \sin \alpha \vec{j}$. O vector unitario do punto O, tomando como orixe o punto B é:

$$\vec{u}_{\text{OB}} = \cos(-60^\circ) \vec{i} + \sin(-60^\circ) \vec{j} = -0,500 \vec{i} - 0,866 \vec{j}$$

Calcúlase o campo no centro, O, da circunferencia, creado pola carga de $3 \mu\text{C}$ situada no punto B:

$$\vec{E}_{\text{OB}} = 9,00 \cdot 10^9 [\text{N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}] \frac{3,00 \cdot 10^{-6} [\text{C}]}{(2,00 [\text{m}])^2} (-0,500 \vec{i} - 0,866 \vec{j}) = (3,38 \cdot 10^3 \vec{i} - 5,85 \cdot 10^3 \vec{j}) \text{ N/C}$$

O campo no centro, O, da circunferencia, creado pola carga de $3 \mu\text{C}$ situada no punto C, é simétrico ao da carga situada no punto B. Os valores das súas compoñentes son os mesmos, pero o signo da compoñente vertical é oposto, porque está dirixida en sentido contrario:

$$\vec{E}_{\text{OC}} = 3,38 \cdot 10^3 \vec{i} + 5,85 \cdot 10^3 \vec{j} \text{ N/C}$$

Polo principio de superposición, o campo resultante no punto O é a suma vectorial dos campos creados nese punto por cada carga.

$$\vec{E}_O = \vec{E}_{\text{OA}} + \vec{E}_{\text{OB}} + \vec{E}_{\text{OC}} = (-6,75 \cdot 10^3 \vec{i}) + (3,38 \cdot 10^3 \vec{i} - 5,85 \cdot 10^3 \vec{j}) + (3,38 \cdot 10^3 \vec{i} + 5,85 \cdot 10^3 \vec{j}) = 0 \vec{i} + 0 \vec{j}$$

O campo eléctrico é un campo conservativo, porque o traballo realizado pola forza do campo, cando unha carga se move entre dous puntos, é independente do camiño seguido e depende só dos puntos inicial e final. Defínese unha función escalar chamada enerxía potencial, E_p , asociada ao campo vectorial de forzas, de tal xeito que o traballo realizado pola forza do campo ao mover unha carga entre dous puntos é igual á variación da enerxía potencial entre estes dous puntos, cambiada de signo.

$$W = -\Delta E_p$$

Tamén se define outra magnitude escalar, chamada potencial eléctrico, que é igual á enerxía potencial da unidade de carga.

$$V = \frac{E_p}{q}$$

O traballo realizado pola forza de campo, cando unha carga se move do punto A ao punto B, é:

$$W_{A \rightarrow B} = -\Delta E_p = -(E_{pB} - E_{pA}) = (E_{pA} - E_{pB}) = q \cdot V_A - q \cdot V_B = q (V_A - V_B)$$

c) O potencial eléctrico no infinito é cero, porque se toma como orixe. O traballo realizado pola forza de campo cando se traslada unha carga de $1 \mu\text{C}$ de O ao infinito é:

$$W_{\infty \rightarrow 0} = q(V_{\infty} - V_0) = 1,00 \cdot 10^{-6} [\text{C}] \cdot (0 - 4,05 \cdot 10^4) [\text{V}] = -4,05 \cdot 10^{-2} \text{ J}$$

Supoñendo que chega coa mesma velocidade coa que sae, o traballo da forza resultante, igual ao cambio de enerxía cinética, será cero:

$$W(\text{resultante}) = W(\text{campo}) + W(\text{exterior}) = \Delta E_c = 0$$

O traballo a realizar é o contrario ao da forza de campo.

$$W(\text{exterior}) = -W(\text{campo}) = 4,05 \cdot 10^{-2} \text{ J}$$

6. Unha carga q de 2 mC está fixa no punto A(0, 0), que é o centro dun triángulo equilátero de lado $3\sqrt{3}$ m. Tres cargas iguais Q están nos vértices e a distancia de cada carga Q a A é 3 m. O conxunto está en equilibrio electrostático. Calcula:

- O valor de Q .
- A enerxía potencial de cada carga Q .
- A enerxía posta en xogo para que o triángulo rote 45° arredor dun eixe que pasa por A e é perpendicular ao plano do papel.

Dato: $K = 9 \cdot 10^9 \text{ N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}$.

(P.A.U. xuño 11)

Rta.: a) $Q = -3,46 \text{ mC}$; b) $E_p = 2,07 \cdot 10^4 \text{ J}$; c) $\Delta E = 0$.

Datos

Valor da carga situada no punto A
Lonxitude do lado do triángulo
Distancia do centro do triángulo a cada vértice
Posición do punto A
Ángulo xirado polo triángulo
Constante de Coulomb

Incógnitas

Valor da carga, Q , que se atopa en cada un dos vértices
Enerxía potencial de cada carga Q
Enerxía para rotar o triángulo 45° arredor dun eixe perpendicular

Ecuacións

Lei de Coulomb: forza entre dúas cargas puntuais, Q e q , separadas por unha distancia, r
Principio de superposición
Enerxía potencial eléctrica dunha interacción entre dúas cargas, Q e q , situadas a unha distancia, r , una da outra.
Enerxía potencial eléctrica dun conxunto de cargas

Cifras significativas: 3

$q = 2,00 \text{ mC} = 0,00200 \text{ C}$
 $L = 3\sqrt{3} \text{ m} = 5,20 \text{ m}$
 $r = 3,00 \text{ m}$
 $\vec{r}_A = (0, 0) \text{ m}$
 $\theta = 45^\circ$
 $K = 9,00 \cdot 10^9 \text{ N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}$

Q
 E_p
 ΔE

$$\vec{F} = K \frac{Q \cdot q}{r^2} \vec{u}_r$$

$$\vec{F}_A = \sum \vec{F}_{A_i}$$

$$E_p = q \cdot V = K \frac{Q \cdot q}{r}$$

$$E_p = \sum E_{p_i} = \frac{1}{2} \sum E_{p_{q_i}}$$

Solución:

a) Debúxase un triángulo co punto A no centro e asígnanse letras aos vértices B, C e D. Os vectores de forza eléctrica débúxanse no vértice superior D, porque nese punto os cálculos son máis sinxelos.


Debúxase un vector por cada carga, prestando atención ao sentido.

As forzas producidas polas cargas situadas nos puntos C e B son de repulsión, porque as cargas son positivas. Como os seus valores son iguais, porque as cargas e as distancias son as mesmas, os vectores serán da mesma medida. As súas compoñentes horizontais anuláanse e a resultante destas dúas forzas será vertical e estará dirixida no sentido positivo do eixe Y.

A forza producida pola carga situada no punto A debe ser atractiva e o seu valor debe ser igual á suma das compoñentes verticais das forzas das cargas situadas nos puntos C e B, e, como son dúas, a forza resultante medirá o dobre da compoñente vertical dun deles.

A forza entre dúas cargas eléctricas vén dada pola lei de Coulomb.

$$\vec{F} = K \frac{Q \cdot q}{r^2} \vec{u}_r$$



Escríbese a expresión da forza eléctrica, \vec{F}_{DA} , que exerce a carga q , situada no punto A, sobre a carga Q , situada no punto D, en función da carga, Q , descoñecida:

$$\vec{F}_{DA} = 9,00 \cdot 10^9 [\text{N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}] \frac{0,00200 [\text{C}] \cdot Q}{(3,00 [\text{m}])^2} \vec{j} = 2,00 \cdot 10^6 Q \vec{j} \text{ N}$$

Escríbese a expresión da forza eléctrica, \vec{F}_{DB} , que exerce a carga Q , situada no punto B, sobre a carga Q , situada no punto D, en función da carga, Q , descoñecida:

$$\vec{F}_{DB} = 9,00 \cdot 10^9 [\text{N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}] \frac{Q \cdot Q}{(5,20 [\text{m}])^2} (\cos 120^\circ \vec{i} + \sin 120^\circ \vec{j}) = (-167 \vec{i} + 289 \vec{j}) \cdot 10^6 Q^2 [\text{N}]$$

A forza eléctrica que exerce a carga Q , situada no punto C, sobre outra carga Q , situada no punto D, é simétrica á do punto B. Os valores das súas compoñentes son os mesmos, pero o signo da compoñente horizontal é oposto, porque está dirixida en sentido contrario:

$$\vec{F}_{DC} = (167 \vec{i} + 289 \vec{j}) \cdot 10^6 Q^2 [\text{N}]$$

Polo principio de superposición, a forza resultante no punto D é a suma vectorial das forzas exercidas por cada carga sobre a carga situada nese punto.

$$\vec{F}_D = \vec{F}_{DA} + \vec{F}_{DB} + \vec{F}_{DC} = \vec{0}$$

A forza resultante é nula porque a carga situada no punto D está en equilibrio. As compoñentes x das forzas anúlanse. Para as compoñentes no eixe Y cúmprese a igualdade:

$$(2,00 + 289 Q + 289 Q) Q \cdot 10^6 = 0$$

Despéxase Q para obter o valor da carga:

$$Q = \frac{-2,00 \text{ C}}{(2 \cdot 289)} = -0,00346 \text{ C} = -3,46 \text{ mC}$$

b) A enerxía potencial de cada carga é a suma das enerxías potenciais de todas as interaccións entre os pares de carga que lle afecten. A enerxía potencial da carga Q situada no punto D é:

$$E_{pD} = E_{pCD} + E_{pBD} + E_{pAD}$$

A enerxía potencial de cada interacción entre dúas cargas vén dada pola expresión:

$$E_{pi} = K \frac{Q \cdot q}{r}$$

Calcúlase a enerxía potencial da interacción entre as cargas situadas nos puntos C e D:

$$E_{pCD} = 9,00 \cdot 10^9 [\text{N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}] \cdot \frac{(-3,46 \cdot 10^{-3} [\text{C}]) \cdot (-3,46 \cdot 10^{-3} [\text{C}])}{5,20 [\text{m}]} = 2,08 \cdot 10^4 \text{ J}$$

A enerxía potencial da interacción entre as cargas situadas nos puntos B e D vale o mesmo que a da interacción entre as cargas situadas nos puntos C e D:

$$E_{pBD} = E_{pCD} = 2,08 \cdot 10^4 \text{ J}$$

Calcúlase a enerxía potencial da interacción entre as cargas situadas nos puntos A e D:

$$E_{pAD} = 9,00 \cdot 10^9 [\text{N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}] \cdot \frac{2,00 \cdot 10^{-3} [\text{C}] \cdot (-3,46 \cdot 10^{-3} [\text{C}])}{3,00 [\text{m}]} = -2,08 \cdot 10^4 \text{ J}$$

A enerxía potencial da carga Q vale:

$$E_{pD} = E_{pCD} + E_{pBD} + E_{pAD} = 2,08 \cdot 10^4 [\text{J}] + 2,08 \cdot 10^4 [\text{J}] + (-2,08 \cdot 10^4 [\text{J}]) = 2,08 \cdot 10^4 \text{ J}$$

c) A enerxía potencial da carga situada no punto A é a suma das enerxías potenciais das tres interaccións que aparece:

$$E_{pA} = E_{pAB} + E_{pAC} + E_{pAD}$$

As enerxías potenciais das tres interaccións son iguais, porque os pares de cargas e as distancias son as mesmas. Por tanto:

$$E_{pA} = 3 \cdot \left(9,00 \cdot 10^9 [\text{N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}] \cdot \frac{2 \cdot 10^{-3} [\text{C}] \cdot (-3,46 \cdot 10^{-3} [\text{C}])}{(3,00 [\text{m}])} \right) = -6,24 \cdot 10^4 \text{ J}$$

A enerxía potencial da disposición de cargas é a suma das enerxías potenciais das interaccións entre os pares de cargas ou, o que é o mesmo, a metade da suma das enerxías potenciais de todas as cargas, porque neste caso cada interacción cóntase dúas veces. Por exemplo, a interacción $A \leftrightarrow C$ aparece no cálculo da enerxía potencial da carga situada no punto A e tamén no cálculo da enerxía potencial da carga situada no punto C.

$$E_p = \frac{1}{2} (E_{pA} + E_{pB} + E_{pC} + E_{pD}) = \frac{1}{2} (E_{pA} + 3 \cdot E_{pD}) = \frac{1}{2} (-6,24 \cdot 10^4 [\text{J}] + 3 \cdot 2,08 \cdot 10^4 [\text{J}]) = 0$$

Como ao xirar 45° , as distancias relativas non cambian, a enerxía da nova disposición é a mesma, e a enerxía total requirida é cero.

7. Tres cargas eléctricas de $+1 \mu\text{C}$, están nos puntos A(-1, 0), B(0, 2) e C(0, -2) (metros). Calcula en D(0, 0) e en F(2, 0):
- O campo eléctrico.
 - O potencial eléctrico.
 - Se en D(0, 0) colócase unha terceira carga q de $+1 \mu\text{C}$ e de 10 g de masa, sometida só á acción electrostática das outras tres, calcula a velocidade coa que chega ao punto F(2, 0).

Datos: $K = 9 \cdot 10^9 \text{ N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}$; $1 \mu\text{C} = 10^{-6} \text{ C}$.

(P.A.U. xuño 10)

Rta.: a) $\vec{E}_D = 9,0 \cdot 10^3 \vec{i} \text{ N/C}$; $\vec{E}_F = 2,6 \cdot 10^3 \vec{i} \text{ N/C}$; b) $V_D = 1,8 \cdot 10^4 \text{ V}$; $V_F = 9,4 \cdot 10^3 \text{ V}$; c) $v = 1,31 \text{ m/s}$.

Datos

Valor da carga situada no punto A

Valor da carga situada no punto B

Valor da carga situada no punto C

Masa da partícula que se despraza

Carga da partícula que se despraza

Velocidade inicial no punto D

Posición do punto A

Posición do punto B

Posición do punto C

Posición do punto D do que sae

Posición do punto F ao que chega

Constante de Coulomb

Incógnitas

Campo eléctrico nos puntos D e F

Potenciais eléctricos nos puntos D e F

Velocidade que terá ao pasar polo punto F

Outros símbolos

Distancia

Ecuacións

Campo eléctrico nun punto a unha distancia, r , dunha carga puntual, Q

Principio de superposición

Potencial eléctrico nun punto a unha distancia, r , dunha carga puntual, Q

Potencial eléctrico nun punto debido a varias cargas

Enerxía potencial eléctrica dunha carga, q , situada nun punto A

Enerxía cinética dunha masa, m , que se move cunha velocidade, v

Principio da conservación da enerxía entre dous puntos A e B

Cifras significativas: 3

$Q_A = 1,00 \mu\text{C} = 1,00 \cdot 10^{-6} \text{ C}$

$Q_B = 1,00 \mu\text{C} = 1,00 \cdot 10^{-6} \text{ C}$

$Q_C = 1,00 \mu\text{C} = 1,00 \cdot 10^{-6} \text{ C}$

$m = 10,0 \text{ g} = 1,00 \cdot 10^{-2} \text{ kg}$

$q = 1,00 \mu\text{C} = 1,00 \cdot 10^{-6} \text{ C}$

$v_D = 0$

$\vec{r}_A = (-1,00, 0) \text{ m}$

$\vec{r}_B = (0, 2,00) \text{ m}$

$\vec{r}_C = (0, -2,00) \text{ m}$

$\vec{r}_D = (0, 0) \text{ m}$

$\vec{r}_F = (2,00, 0) \text{ m}$

$K = 9,00 \cdot 10^9 \text{ N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}$

\vec{E}_D, \vec{E}_F

V_D, V_F

v_F

r

$$\vec{E} = K \frac{Q}{r^2} \vec{u}_r$$

$$\vec{E}_A = \sum \vec{E}_{Ai}$$

$$V = K \frac{Q}{r}$$

$$V = \sum V_i$$

$$E_{pA} = q \cdot V_A$$

$$E_c = \frac{1}{2} m \cdot v^2$$

$$(E_c + E_p)_A = (E_c + E_p)_B$$

Solución:

a) Faise un diagrama no que se sitúan os puntos A(-1, 0), B(0, 2), C(0, -2) e D(0, 0). Debúxanse os vectores do campo no punto D, un vector por cada carga, prestando atención ao sentido, que é de repulsión, porque as cargas son positivas.

Os valores dos campos creados polas cargas situadas nos puntos B e C, situados no eixe Y, son iguais, porque as cargas son iguais e atópanse á mesma distancia, e, polo tanto, anúlense.

O vector suma, que é o campo resultante, \vec{E}_D , coincide co vector \vec{E}_{DA} .

O principio de superposición di que a intensidade de campo eléctrico nun punto, debido á presenza de varias cargas, é a suma vectorial dos campos producidos nese punto por cada carga, coma se o resto das cargas non estivese presente.

Para determinar o campo nun punto, calcúlanse os campos creados nese punto por cada carga, e despois súmanse os vectores.

A forza eléctrica entre dúas cargas puntuais, Q e q , separadas por unha distancia, r , vén dada pola lei de Coulomb, na que K é a constante de Coulomb e \vec{u}_r o vector unitario na liña que une as cargas.

$$\vec{F}_E = K \frac{Q \cdot q}{r^2} \vec{u}_r$$

O campo eléctrico nun punto situado a unha distancia, r , dunha carga puntual, Q , é a forza sobre a unidade de carga positiva situada nese punto:

$$\vec{E} = \frac{\vec{F}_E}{q} = \frac{K \frac{Q \cdot q}{r^2} \vec{u}_r}{q} = K \frac{Q}{r^2} \vec{u}_r$$

A distancia do punto A ao punto D é: $r_{AD} = |(0, 0) - (-1, 0)| \text{ [m]} = 1,00 \text{ m}$.

O vector unitario do punto D, tomando como orixe o punto A, é \vec{i} , o vector unitario do eixe X.

Calcúlase o campo no punto D, creado pola carga de $+1 \mu\text{C}$ situada no punto A:

$$\vec{E}_{DA} = 9,00 \cdot 10^9 \text{ [N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}] \cdot \frac{1,00 \cdot 10^{-6} \text{ [C]}}{(1,00 \text{ [m]})^2} \vec{i} = 9,00 \cdot 10^3 \vec{i} \text{ N/C}$$

A distancia do punto B ao punto D é: $r_{BD} = |(0, 0) - (0, 2, 00)| \text{ [m]} = 2,00 \text{ m}$.

O vector unitario do punto D, tomando como orixe o punto B, é $-\vec{j}$, o vector unitario do eixe Y, en sentido negativo.

Calcúlase o campo no punto D, creado pola carga de $+1 \mu\text{C}$ situada no punto B.

$$\vec{E}_{DB} = 9,00 \cdot 10^9 \text{ [N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}] \cdot \frac{1,00 \cdot 10^{-6} \text{ [C]}}{(2,00 \text{ [m]})^2} (-\vec{j}) = -2,25 \cdot 10^3 \vec{j} \text{ N/C}$$

O campo no punto D, creado pola carga de $+1 \mu\text{C}$ situada no punto C, é oposto ao do punto B:

$$\vec{E}_{DC} = 2,25 \cdot 10^3 \vec{j} \text{ N/C}$$

Polo principio de superposición, o campo resultante no punto D é a suma vectorial dos campos creados nese punto por cada carga.

$$\vec{E}_D = \vec{E}_{DA} + \vec{E}_{DB} + \vec{E}_{DC} = 9,00 \cdot 10^3 \vec{i} \text{ N/C}$$



Análise: Coincide co debuxo. O campo resultante do cálculo vai no sentido positivo do eixe X.

Faise un diagrama no que se sitúan os puntos A(-1, 0), B(0, 2), C(0, -2) e F(2, 0). Debúxanse os vectores do campo no punto F, un vector por cada carga, prestando atención ao sentido, que é de repulsión, porque as cargas son positivas.

Como os valores dos campos creados polas cargas situadas nos puntos B e C, son iguais porque as cargas son iguais e están á mesma distancia, os vectores serán da mesma medida.

Debúxase o vector suma, que é o campo resultante, \vec{E}_F .

A resultante dos campos creados polas cargas situadas nos puntos B e C irá no sentido positivo do eixe X, porque as súas compoñentes verticais anúlense. O vector resultante tamén estará dirixido no sentido positivo do eixe X.



A distancia do punto A ao punto F é: $r_{AF} = |(2,00, 0) \text{ [m]} - (-1,00, 0) \text{ [m]}| = 3,00 \text{ m}$.

O vector unitario do punto F, tomando como orixe o punto A, é \vec{i} , o vector unitario do eixe X.

Calcúlase o campo no punto F, creado pola carga de $+1 \mu\text{C}$ situada no punto A:

$$\vec{E}_{FA} = 9,00 \cdot 10^9 \text{ [N}\cdot\text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}] \cdot \frac{1,00 \cdot 10^{-6} \text{ [C]}}{(3,00 \text{ [m]})^2} \vec{i} = 1,00 \cdot 10^3 \vec{i} \text{ N/C}$$

Calcúlase a distancia do punto B ao punto F:

$$r_{BF} = \sqrt{(2,00 \text{ [m]})^2 + (2,00 \text{ [m]})^2} = 2,83 \text{ m}$$

Calcúlase o vector unitario do punto F, tomando como orixe o punto B:

$$\vec{u}_{BF} = \frac{\vec{r}_{BF}}{|\vec{r}_{BF}|} = \frac{(2,00 \vec{i} - 2,00 \vec{j}) \text{ [m]}}{2,83 \text{ [m]}} = 0,707 \vec{i} - 0,707 \vec{j}$$

Calcúlase o campo no punto F, creado pola carga de $+1 \mu\text{C}$ situada no punto B:

$$\vec{E}_{FB} = 9,00 \cdot 10^9 \text{ [N}\cdot\text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}] \cdot \frac{1,00 \cdot 10^{-6} \text{ [C]}}{(2,83 \text{ [m]})^2} (0,707 \vec{i} - 0,707 \vec{j}) = (795 \vec{i} - 795 \vec{j}) \text{ N/C}$$

O campo no punto F, creado pola carga de $+1 \mu\text{C}$ situada no punto C, é simétrico ao do punto B. Os valores das súas compoñentes son os mesmos, pero o signo da compoñente vertical é oposto, porque está dirixida en sentido contrario:

$$\vec{E}_{FC} = (795 \vec{i} + 795 \vec{j}) \text{ N/C}$$

Polo principio de superposición, o campo resultante no punto F é a suma vectorial dos campos creados nese punto por cada carga.

$$\vec{E}_F = \vec{E}_{FA} + \vec{E}_{FB} + \vec{E}_{FC} = 2,59 \cdot 10^3 \vec{i} \text{ N/C}$$

Análise: Coincide co debuxo. O campo resultante do cálculo vai no sentido positivo do eixe X.

O potencial eléctrico nun punto, debido á presenza de varias cargas, é a suma dos potenciais producidos nese punto por cada carga, coma se o resto das cargas non estivese presente.

Para determinar o potencial eléctrico nun punto, calcúlanse os potenciais creados nese punto por cada carga, e despois súmanse.

A ecuación do potencial eléctrico, V , nun punto situado a unha distancia, r , dunha carga puntual, Q , é:

$$V = K \frac{Q}{r}$$

K é a constante de Coulomb.

b) Calcúlanse os potenciais no punto D, debidos ás cargas situadas nos puntos A, B e C:

$$V_{DA} = 9,00 \cdot 10^9 \text{ [N}\cdot\text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}] \frac{1,00 \cdot 10^{-6} \text{ [C]}}{(1,00 \text{ [m]})} = 9,00 \cdot 10^3 \text{ V}$$

$$V_{DC} = V_{DB} = 9,00 \cdot 10^9 \text{ [N}\cdot\text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}] \frac{1,00 \cdot 10^{-6} \text{ [C]}}{(2,00 \text{ [m]})} = 4,50 \cdot 10^3 \text{ V}$$

O potencial eléctrico no punto D é a suma dos potenciais de cada unha das cargas nese punto:

$$V_D = V_{DA} + V_{DB} + V_{DC} = 9,00 \cdot 10^3 \text{ [V]} + 4,50 \cdot 10^3 \text{ [V]} + 4,50 \cdot 10^3 \text{ [V]} = 1,800 \cdot 10^4 \text{ V}$$

Calcúlanse os potenciais no punto F, debidos ás cargas situadas nos puntos A, B e C:

$$V_{FC} = V_{FB} = 9,00 \cdot 10^9 \text{ [N}\cdot\text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}] \frac{1,00 \cdot 10^{-6} \text{ [C]}}{(2,83 \text{ [m]})} = 3,18 \cdot 10^3 \text{ V}$$

$$V_{FA} = 9,00 \cdot 10^9 \text{ [N}\cdot\text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}] \frac{1,00 \cdot 10^{-6} \text{ [C]}}{(3,00 \text{ [m]})} = 3,00 \cdot 10^3 \text{ V}$$

O potencial eléctrico no punto F é a suma dos potenciais de cada unha das cargas nese punto:

$$V_F = V_{FA} + V_{FB} + V_{FC} = 3,00 \cdot 10^3 \text{ [V]} + 3,18 \cdot 10^3 \text{ [V]} + 3,18 \cdot 10^3 \text{ [V]} = 9,36 \cdot 10^3 \text{ V}$$

c) Como a forza eléctrica é unha forza conservativa, a enerxía mecánica consérvase.

$$(E_c + E_p)_F = (E_c + E_p)_D$$

$$\frac{1}{2} m v_F^2 + q \cdot V_F = \frac{1}{2} m v_D^2 + q \cdot V_D$$

$$(1,00 \cdot 10^{-2} [\text{kg}] / 2) \cdot v_F^2 + 1,00 \cdot 10^{-6} [\text{C}] \cdot 9,36 \cdot 10^3 [\text{V}] = 1,00 \cdot 10^{-6} [\text{C}] \cdot 1,800 \cdot 10^4 [\text{V}]$$

A velocidade no punto F calcúlase despendando:

$$v_F = \sqrt{\frac{2(0,01800 - 0,00936)}{0,0100}} = 1,31 \text{ m/s}$$

Como a velocidade é un vector, hai que determinar a dirección e o sentido.

Pódese deducir que a aceleración ten a dirección do eixe X en sentido positivo, porque a carga é positiva e a aceleración seguirá a dirección e o sentido do campo. Se un móbil parte do repouso, e a aceleración ten dirección constante, o movemento será rectilíneo na mesma liña que a aceleración.

$$\vec{v}_F = 1,31 \vec{i} \text{ m/s}$$

8. Dúas cargas eléctricas de 3 mC están situadas en A(4, 0) e B(-4, 0) (en metros). Calcula:

- O campo eléctrico en C(0, 5) e en D(0, 0).
- O potencial eléctrico nos mesmos puntos C e D.
- O traballo para trasladar $q = -1$ mC desde C a D.

Datos: $K = 9 \cdot 10^9 \text{ N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}$; $1 \text{ mC} = 10^{-3} \text{ C}$.

(P.A.U. xuño 09)

Rta.: a) $\vec{E}_C = 1,03 \cdot 10^6 \vec{j} \text{ N/C}$; $\vec{E}_D = \vec{0}$; b) $V_C = 8,43 \cdot 10^6 \text{ V}$; $V_D = 1,35 \cdot 10^7 \text{ V}$; c) $W(\text{ext.}) = -5,1 \cdot 10^3 \text{ J}$.

Datos

Posición da carga Q_1

Posición da carga Q_2

Posición do punto C

Posición do punto D

Valor da carga situada no punto A

Valor da carga situada no punto B

Valor da carga que se traslada

Constante de Coulomb

Incógnitas

Campo eléctrico nos puntos C e D

Potencial eléctrico nos puntos C e D

Traballo para trasladar unha carga de -1 mC do punto C ao punto D

Outros símbolos

Distancia

Ecuacións

Campo eléctrico nun punto a unha distancia, r , dunha carga puntual, Q

Principio de superposición

Potencial eléctrico nun punto a unha distancia, r , dunha carga puntual, Q

Potencial eléctrico nun punto debido a varias cargas

Traballo da forza eléctrica ao mover unha carga do punto A ao punto B

Cifras significativas: 3

$\vec{r}_A = (4,00, 0) \text{ m}$

$\vec{r}_B = (-4,00, 0) \text{ m}$

$\vec{r}_C = (0, 5,00) \text{ m}$

$\vec{r}_D = (0, 0) \text{ m}$

$Q_1 = 3,00 \text{ mC} = 3,00 \cdot 10^{-3} \text{ C}$

$Q_2 = 3,00 \text{ mC} = 3,00 \cdot 10^{-3} \text{ C}$

$q = -1,00 \text{ mC} = -1,00 \cdot 10^{-3} \text{ C}$

$K = 9,00 \cdot 10^9 \text{ N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}$

\vec{E}_C, \vec{E}_D

V_C, V_D

$W_{C \rightarrow D}$

r

$$\vec{E} = K \frac{Q}{r^2} \vec{u}_r$$

$$\vec{E}_A = \sum \vec{E}_{A_i}$$

$$V = K \frac{Q}{r}$$

$$V = \sum V_i$$

$$W_{A \rightarrow B} = q(V_A - V_B)$$


Solución:

a) Faise un diagrama no que se sitúan os puntos A(4, 0), B(-4, 0) e C(0, 5). Debúxanse os vectores do campo no punto C, un vector por cada carga, prestando atención ao sentido, que é de repulsión porque as cargas son positivas.

Como os seus valores son iguais, porque as cargas e as distancias son iguais, os vectores serán da mesma medida.

Debúxase o vector suma, que é o campo resultante, \vec{E}_C .

As compoñentes horizontais dos campos creados polas cargas anúlanse e a resultante estará dirixida no sentido positivo do eixe Y.



O valor da resultante será a suma das compoñentes verticais de cada campo, e, como son dúas, o vector campo resultante medirá o dobre da compoñente vertical dun deles.

O principio de superposición di que a intensidade de campo eléctrico nun punto, debido á presenza de varias cargas, é a suma vectorial dos campos producidos nese punto por cada carga, coma se o resto das cargas non estivese presente.

Para determinar o campo nun punto, calcúlanse os campos creados nese punto por cada carga, e despois súmanse os vectores.

A forza eléctrica entre dúas cargas puntuais, Q e q , separadas por unha distancia, r , vén dada pola lei de Coulomb, na que K é a constante de Coulomb e \hat{u}_r o vector unitario na liña que une as cargas.

$$\vec{F}_E = K \frac{Q \cdot q}{r^2} \hat{u}_r$$

O campo eléctrico nun punto situado a unha distancia, r , dunha carga puntual, Q , é a forza sobre a unidade de carga positiva situada nese punto:

$$\vec{E} = \frac{\vec{F}_E}{q} = \frac{K \frac{Q \cdot q}{r^2} \hat{u}_r}{q} = K \frac{Q}{r^2} \hat{u}_r$$

Calcúlase a distancia entre os puntos A(4, 0) e C(0, 5).

$$\begin{aligned} \vec{r}_{AC} &= \vec{r}_C - \vec{r}_A = 5,00 \hat{j} \text{ [m]} - 4,00 \hat{i} \text{ [m]} = (-4,00 \hat{i} + 5,00 \hat{j}) \text{ m} \\ r_{AC} &= |\vec{r}_{AC}| = \sqrt{(-4,00 \text{ [m]})^2 + (5,00 \text{ [m]})^2} = 6,40 \text{ m} \end{aligned}$$

Calcúlase o vector unitario do punto C, tomando como orixe o punto A:

$$\hat{u}_{AC} = \frac{\vec{r}_{AC}}{|\vec{r}_{AC}|} = \frac{(-4,00 \hat{i} + 5,00 \hat{j}) \text{ [m]}}{6,40 \text{ [m]}} = -0,625 \hat{i} + 0,781 \hat{j}$$

Calcúlase o campo no punto C, creado pola carga de 3 mC situada no punto A:

$$\vec{E}_{CA} = 9,00 \cdot 10^9 \text{ [N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}] \frac{3,00 \cdot 10^{-3} \text{ [C]}}{(6,40 \text{ [m]})^2} (-0,625 \hat{i} + 0,781 \hat{j}) = (-4,11 \cdot 10^5 \hat{i} + 5,14 \cdot 10^5 \hat{j}) \text{ N/C}$$

O campo no punto C, creado pola carga de 3 mC situada no punto B, é simétrico ao do punto A. Os valores das súas compoñentes son os mesmos, pero o signo da compoñente horizontal é oposto, porque está dirixida en sentido contrario:

$$\vec{E}_{CB} = (4,11 \cdot 10^5 \hat{i} + 5,14 \cdot 10^5 \hat{j}) \text{ N/C}$$


Pelo principio de superposición, o campo resultante no punto C é a suma vectorial dos campos creados nese punto por cada carga.

$$\vec{E}_C = \vec{E}_{CA} + \vec{E}_{CB} = (-4,11 \cdot 10^5 \hat{i} + 5,14 \cdot 10^5 \hat{j}) \text{ [N/C]} + (4,11 \cdot 10^5 \hat{i} + 5,14 \cdot 10^5 \hat{j}) \text{ [N/C]} = 1,03 \cdot 10^6 \hat{j} \text{ N/C}$$

Análise: Coincide co debuxo. O campo resultante do cálculo vai no sentido positivo do eixe Y.

Faise un diagrama no que se sitúan os puntos A(4, 0), B(-4, 0) e D(0, 0). Debúxanse os vectores do campo no punto D, un vector por cada carga, prestando atención ao sentido, que é de repulsión, porque as cargas son positivas.

Como as distancias AD e BD son as mesmas, e as cargas situadas en A e en B son iguais, os campos son opostos, do mesmo valor e dirección, pero de sentido contrario, e anúlense.



$$\vec{E}_D = \vec{0}$$

b)

O potencial eléctrico nun punto, debido á presenza de varias cargas, é a suma dos potenciais producidos nese punto por cada carga, coma se o resto das cargas non estivese presente.

Para determinar o potencial eléctrico nun punto, calcúlanse os potenciais creados nese punto por cada carga, e despois súmanse.

A ecuación do potencial eléctrico, V , nun punto situado a unha distancia, r , dunha carga puntual, Q , é:

$$V = K \frac{Q}{r}$$

K é a constante de Coulomb.

Os potenciais eléctricos no punto C, debidos ás cargas situadas nos puntos A e B, son iguais, porque tanto as cargas como as distancias son iguais. O potencial eléctrico no punto C, que é a suma, vale o dobre do potencial dunha carga.

$$V_C = V_{CA} + V_{CB} = 2 \cdot V_{CA} = 2 \cdot 9,00 \cdot 10^9 \text{ [N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}] \frac{3,00 \cdot 10^{-3} \text{ [C]}}{(6,40 \text{ [m]})} = 2 \cdot 4,22 \cdot 10^6 \text{ [V]} = 8,43 \cdot 10^6 \text{ V}$$

O potencial eléctrico no punto D calcúlase dun xeito similar.

$$V_D = V_{DB} + V_{DA} = 2 \cdot V_{DA} = 2 \cdot 9,00 \cdot 10^9 \text{ [N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}] \frac{3,00 \cdot 10^{-3} \text{ [C]}}{(4,00 \text{ [m]})} = 2 \cdot 6,25 \cdot 10^6 \text{ [V]} = 13,5 \cdot 10^6 \text{ V}$$

O campo eléctrico é un campo conservativo, porque o traballo realizado pola forza do campo, cando unha carga se move entre dous puntos, é independente do camiño seguido e depende só dos puntos inicial e final. Defínese unha función escalar chamada enerxía potencial, E_p , asociada ao campo vectorial de forzas, de tal xeito que o traballo realizado pola forza do campo ao mover unha carga entre dous puntos é igual á variación da enerxía potencial entre estes dous puntos, cambiada de signo.

$$W = -\Delta E_p$$

Tamén se define outra magnitude escalar, chamada potencial eléctrico, que é igual á enerxía potencial da unidade de carga.

$$V = \frac{E_p}{q}$$

O traballo realizado pola forza de campo, cando unha carga se move do punto A ao punto B, é:

$$W_{A \rightarrow B} = -\Delta E_p = -(E_{pB} - E_{pA}) = (E_{pA} - E_{pB}) = q \cdot V_A - q \cdot V_B = q (V_A - V_B)$$

c) O traballo realizado pola forza de campo cando se traslada unha carga de -1 mC desde o punto C ata o punto D, é:

$$W_{C \rightarrow D} = q (V_C - V_D) = -1,00 \cdot 10^{-3} \text{ [C]} \cdot (8,43 \cdot 10^6 - 13,5 \cdot 10^6) \text{ [V]} = 5,1 \cdot 10^3 \text{ J}$$

Supoñendo que chega coa mesma velocidade coa que sae, o traballo da forza resultante, igual ao cambio de enerxía cinética, será cero:

$$W(\text{resultante}) = W(\text{campo}) + W(\text{exterior}) = \Delta E_c = 0$$

O traballo a realizar é o contrario ao da forza de campo.

$$W(\text{exterior}) = -W(\text{campo}) = -5,1 \cdot 10^3 \text{ J}$$

9. En dous dos vértices dun triángulo equilátero de 2 cm de lado sitúanse dúas cargas puntuais de $+10 \mu\text{C}$ cada unha. Calcula:

- O campo eléctrico no terceiro vértice.
- O traballo para levar unha carga de $5 \mu\text{C}$ desde o terceiro vértice ata o punto medio do lado oposto.
- Xustifica por que non necesitas coñecer a traxectoria no apartado anterior.

Datos: $K = 9 \cdot 10^9 \text{ N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}$; $1 \mu\text{C} = 10^{-6} \text{ C}$.

(P.A.U. xuño 08)

Rta.: a) $\vec{E}_C = 3,90 \cdot 10^8 \text{ N/C}$, na bisectriz cara ao exterior; b) $W(\text{ext.}) = 45,0 \text{ J}$.

Datos

Valor de cada carga fixa

Lonxitude do lado do triángulo equilátero

Valor da carga que se despraza

Constante de Coulomb

Incógnitas

Campo no terceiro vértice

Cifras significativas: 3

$Q = 10,0 \mu\text{C} = 1,00 \cdot 10^{-5} \text{ C}$

$L = 2,00 \text{ cm} = 0,0200 \text{ m}$

$q = 5,00 \mu\text{C} = 5,00 \cdot 10^{-6} \text{ C}$

$K = 9,00 \cdot 10^9 \text{ N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}$

\vec{E}_C

Trabalho para levar $5 \mu\text{C}$ desde o terceiro vértice ata o punto medio do lado oposto $W_{C \rightarrow D}$

Outros símbolos

Distancia r

Ecuacións

Campo eléctrico nun punto a unha distancia, r , dunha carga puntual, Q $\vec{E} = K \frac{Q}{r^2} \vec{u}_r$

Principio de superposición $\vec{E}_A = \sum \vec{E}_{A_i}$

Potencial eléctrico nun punto a unha distancia, r , dunha carga puntual, Q $V = K \frac{Q}{r}$

Potencial eléctrico nun punto debido a varias cargas $V = \sum V_i$

Trabalho da forza eléctrica ao mover unha carga do punto A ao punto B $W_{A \rightarrow B} = q(V_A - V_B)$

Solución:

a) Realízase un diagrama no que se debuxa o triángulo equilátero e se sitúan os puntos A, B e C. Debúxanse os vectores do campo eléctrico no vértice superior C (para que os cálculos sexan máis sinxelos), un vector por cada carga, prestando atención ao sentido, que é de repulsión porque as cargas son positivas.

Como os seus valores son iguais, porque as cargas e as distancias son as mesmas, os vectores serán da mesma medida.

Debúxase o vector suma, que é o campo resultante, \vec{E}_C .

As compoñentes horizontais dos campos creados polas cargas anúlense e a resultante irá no sentido positivo do eixe Y. O valor da resultante será a suma das compoñentes verticais de cada campo, e, como son dúas, o vector campo resultante medirá o dobre da compoñente vertical dun deles.

O principio de superposición di que a intensidade de campo eléctrico nun punto, debido á presenza de varias cargas, é a suma vectorial dos campos producidos nese punto por cada carga, coma se o resto das cargas non estivese presente.

Para determinar o campo nun punto, calcúlanse os campos creados nese punto por cada carga, e despois súmanse os vectores.

A forza eléctrica entre dúas cargas puntuais, Q e q , separadas por unha distancia, r , vén dada pola lei de Coulomb, na que K é a constante de Coulomb e \vec{u}_r o vector unitario na liña que une as cargas.

$$\vec{F}_E = K \frac{Q \cdot q}{r^2} \vec{u}_r$$

O campo eléctrico nun punto situado a unha distancia, r , dunha carga puntual, Q , é a forza sobre a unidade de carga positiva situada nese punto:

$$\vec{E} = \frac{\vec{F}_E}{q} = \frac{K \frac{Q \cdot q}{r^2} \vec{u}_r}{q} = K \frac{Q}{r^2} \vec{u}_r$$

Cando se coñece o ángulo α que forma o vector \vec{u}_r co eixe X, o vector unitario calcúlase coa expresión: $\vec{u}_r = \cos \alpha \vec{i} + \sin \alpha \vec{j}$. O vector unitario do punto C, tomando como orixe o punto A, é:


$$\vec{u}_{CA} = \cos 60^\circ \vec{i} + \sin 60^\circ \vec{j} = 0,500 \vec{i} + 0,866 \vec{j}$$

Calcúlase o campo no punto C, creado pola carga de $10 \mu\text{C}$ situada no punto A:

$$\vec{E}_{CA} = 9,00 \cdot 10^9 [\text{N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}] \frac{1,00 \cdot 10^{-5} [\text{C}]}{(0,0200 [\text{m}])^2} (0,500 \vec{i} + 0,866 \vec{j}) = (1,13 \cdot 10^8 \vec{i} + 1,95 \cdot 10^8 \vec{j}) \text{ N/C}$$

O campo no punto C, creado pola carga de $10 \mu\text{C}$ situada no punto B, é simétrico ao do punto A. Os valores das súas compoñentes son os mesmos, pero o signo da compoñente horizontal é oposto, porque está dirixida en sentido contrario:

$$\vec{E}_{CB} = (-1,13 \cdot 10^8 \vec{i} + 1,95 \cdot 10^8 \vec{j}) \text{ N/C}$$



Polo principio de superposición, o campo resultante no punto C é a suma vectorial dos campos creados nese punto por cada carga.

$$\vec{E}_C = (-1,13 \cdot 10^8 \vec{i} + 1,95 \cdot 10^8 \vec{j}) \text{ [N/C]} + (1,13 \cdot 10^8 \vec{i} + 1,95 \cdot 10^8 \vec{j}) \text{ [N/C]} = 3,90 \cdot 10^8 \vec{j} \text{ N/C}$$

Análise: Coincide co debuxo. O campo resultante do cálculo vai no sentido positivo do eixe Y.

Un resultado independente de como se elixiron os vértices é: o campo eléctrico no terceiro vértice vale $3,90 \cdot 10^8 \text{ N/C}$ e está dirixido segundo a bisectriz do ángulo dese vértice, cara ao exterior do triángulo.

b, c)

O campo eléctrico é un campo conservativo, porque o traballo realizado pola forza do campo, cando unha carga se move entre dous puntos, é independente do camiño seguido e depende só dos puntos inicial e final. Defínese unha función escalar chamada enerxía potencial, E_p , asociada ao campo vectorial de forzas, de tal xeito que o traballo realizado pola forza do campo ao mover unha carga entre dous puntos é igual á variación da enerxía potencial entre estes dous puntos, cambiada de signo.

$$W = -\Delta E_p$$

Tamén se define outra magnitude escalar, chamada potencial eléctrico, que é igual á enerxía potencial da unidade de carga.

$$V = \frac{E_p}{q}$$

O traballo realizado pola forza de campo, cando unha carga se move do punto A ao punto B, é:

$$W_{A \rightarrow B} = -\Delta E_p = -(E_{pB} - E_{pA}) = (E_{pA} - E_{pB}) = q \cdot V_A - q \cdot V_B = q (V_A - V_B)$$

O potencial eléctrico nun punto, debido á presenza de varias cargas, é a suma dos potenciais producidos nese punto por cada carga, coma se o resto das cargas non estivese presente.

Para determinar o potencial eléctrico nun punto, calcúlanse os potenciais creados nese punto por cada carga, e despois súmanse.

A ecuación do potencial eléctrico, V , nun punto situado a unha distancia, r , dunha carga puntual, Q , é:

$$V = K \frac{Q}{r}$$

K é a constante de Coulomb.

Os potenciais eléctricos no punto C, debidos ás cargas situadas nos puntos A e B, son iguais, porque tanto as cargas como as distancias son iguais. O potencial eléctrico no punto C, que é a suma, vale o dobre do potencial dunha carga:

$$V_C = V_{CA} + V_{CB} = 2 \cdot V_{CA} = 2 \cdot 9,00 \cdot 10^9 \text{ [N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}] \frac{1,00 \cdot 10^{-5} \text{ [C]}}{(0,0200 \text{ [m]})} = 2 \cdot 4,50 \cdot 10^6 \text{ [V]} = 9,00 \cdot 10^6 \text{ V}$$

Chamando punto D ao centro do lado AB, os potenciais no punto D, debidos ás cargas situadas nos puntos A e B, son iguais, porque tanto as cargas como as distancias son iguais. O potencial eléctrico no punto D, que é a suma, vale o dobre do potencial dunha carga:

$$V_D = V_{DA} + V_{DB} = 2 \cdot V_{DA} = 2 \cdot 9,00 \cdot 10^9 \text{ [N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}] \frac{1,00 \cdot 10^{-5} \text{ [C]}}{(0,0100 \text{ [m]})} = 2 \cdot 9,00 \cdot 10^6 \text{ [V]} = 1,80 \cdot 10^7 \text{ V}$$

O traballo realizado pola forza do campo eléctrico ao trasladar unha carga de $5 \mu\text{C}$ desde o punto C ata o punto D é:

$$W_{C \rightarrow D} = q (V_C - V_D) = 5,00 \cdot 10^{-6} \text{ [C]} \cdot (9,00 \cdot 10^6 - 1,80 \cdot 10^7) \text{ [V]} = -45,0 \text{ J}$$

Supoñendo que chega coa mesma velocidade coa que sae, o traballo da forza resultante, igual ao cambio de enerxía cinética, será cero:

$$W(\text{resultante}) = W(\text{campo}) + W(\text{exterior}) = \Delta E_c = 0$$

O traballo a realizar é o contrario ao da forza de campo.

$$W(\text{exterior}) = -W(\text{campo}) = 45,0 \text{ J}$$

10. Dadas tres cargas puntuais $q_1 = 10^{-3} \mu\text{C}$ en $(-8, 0)$ m, $q_2 = -10^{-3} \mu\text{C}$ en $(8, 0)$ m e $q_3 = 2 \cdot 10^{-3} \mu\text{C}$ en $(0, 8)$ m. Calcula:
- O campo e o potencial eléctricos en $(0, 0)$.
 - A enerxía electrostática.
 - Xustifica que o campo electrostático é conservativo.

Datos: $1 \mu\text{C} = 10^{-6} \text{C}$; $K = 9 \cdot 10^9 \text{N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}$.

(P.A.U. set. 07)

Rta.: a) $\vec{E}_0 = 0,282 \vec{i} - 0,282 \vec{j} \text{ N/C}$; $V_0 = 2,25 \text{ V}$; b) $E = -5,63 \cdot 10^{-10} \text{ J}$.

Datos

- Valor da carga situada no punto 1
- Valor da carga situada no punto 2
- Valor da carga situada no punto 3
- Posición do punto 1
- Posición do punto 2
- Posición do punto 3
- Posición do punto 4 onde hai que calcular o campo e potencial
- Constante de Coulomb

Incógnitas

- Campo eléctrico no punto $(0, 0)$
- Potencial eléctrico no punto $(0, 0)$
- Enerxía electrostática

Outros símbolos

Distancia

Ecuacións

- Campo eléctrico nun punto a unha distancia, r , dunha carga puntual, Q
- Principio de superposición
- Potencial eléctrico nun punto a unha distancia, r , dunha carga puntual, Q
- Potencial eléctrico nun punto debido a varias cargas
- Enerxía potencial eléctrica dunha interacción entre dúas cargas, Q e q , situadas a unha distancia, r , una da outra.
- Enerxía potencial eléctrica dun conxunto de cargas

Cifras significativas: 3

- $q_1 = 10^{-3} \mu\text{C} = 1,00 \cdot 10^{-9} \text{C}$
- $q_2 = -10^{-3} \mu\text{C} = -1,00 \cdot 10^{-9} \text{C}$
- $q_3 = 2 \cdot 10^{-3} \mu\text{C} = 2,00 \cdot 10^{-9} \text{C}$
- $\vec{r}_1 = (-8,00, 0) \text{ m}$
- $\vec{r}_2 = (+8,00, 0) \text{ m}$
- $\vec{r}_3 = (0, 8,00) \text{ m}$
- $\vec{r}_4 = (0, 0) \text{ m}$
- $K = 9,00 \cdot 10^9 \text{N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}$

\vec{E}_A

V_A

E

r

$$\vec{E} = K \frac{Q}{r^2} \vec{u}_r$$

$$\vec{E}_A = \sum \vec{E}_{A_i}$$

$$V = K \frac{Q}{r}$$

$$V = \sum V_i$$

$$E_p = q \cdot V = K \frac{Q \cdot q}{r}$$

$$E_p = \sum E_{p_i} = \frac{1}{2} \sum E_p q$$

Solución:

a) Faize un debuxo no que se sitúan as cargas 1 $(-8, 0)$, 2 $(8, 0)$, 3 $(0, 8)$ e 4 $(0, 0)$. Debúxanse os vectores do campo no punto 4, un vector por cada carga, prestando atención ao sentido.


Os campos creados polas cargas situadas nos puntos 1 e 3 son de repulsión, porque as cargas son positivas, pero o campo creado pola carga 2, que é negativa, é de atracción.

Os campos creados polas cargas situadas nos puntos 1 e 2 son do mesmo valor, porque as cargas e as distancias son iguais, e los vectores serán da mesma medida. O vector resultante de ambos medirá o dobre que un deles e irá no sentido positivo do eixe X. Debúxase o vector suma, que é o campo resultante, \vec{E} .

O campo creado pola carga situada no punto 3 é o dobre que o creado pola carga situada no punto 1, e vai no sentido negativo do eixe Y. A resultante dos tres campos estará no cuarto cuadrante, en dirección diagonal, porque o valor do campo creado pola carga 3 vale o mesmo que a suma dos campos das cargas 1 e 2.

O principio de superposición di que a intensidade de campo eléctrico nun punto, debido á presenza de varias cargas, é a suma vectorial dos campos producidos nese punto por cada carga, coma se o resto das cargas non estivese presente.

Para determinar o campo nun punto, calcúlanse os campos creados nese punto por cada carga, e despois súmanse os vectores.



A forza eléctrica entre dúas cargas puntuais, Q e q , separadas por unha distancia, r , vén dada pola lei de Coulomb, na que K é a constante de Coulomb e \mathbf{u}_r o vector unitario na liña que une as cargas.

$$\vec{F}_E = K \frac{Q \cdot q}{r^2} \mathbf{u}_r$$

O campo eléctrico nun punto situado a unha distancia, r , dunha carga puntual, Q , é a forza sobre a unidade de carga positiva situada nese punto:

$$\vec{E} = \frac{\vec{F}_E}{q} = \frac{K \frac{Q \cdot q}{r^2} \mathbf{u}_r}{q} = K \frac{Q}{r^2} \mathbf{u}_r$$

A distancia do punto 1 ao punto 4 é: $r_{14} = |(0, 0) - (-8, 0, 0)| \text{ [m]} = 8,00 \text{ m}$.

O vector unitario do punto 4, tomando como orixe o punto 1, é \vec{i} , o vector unitario do eixe X.

Calcúlase o campo no punto 4, creado pola carga 1, de 1 nC:

$$\vec{E}_{41} = 9,00 \cdot 10^9 \text{ [N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}] \cdot \frac{1,00 \cdot 10^{-9} \text{ [C]}}{(8,00 \text{ [m]})^2} \vec{i} = 0,141 \vec{i} \text{ N/C}$$

O campo no punto 4, creado pola carga 2, de -1 nC, é igual:

$$\vec{E}_{42} = 0,141 \vec{i} \text{ N/C}$$

A distancia do punto 3 ao punto 4 é: $r_{34} = |(0, 0) - (8, 0, 0)| \text{ [m]} = 8,00 \text{ m}$.

O vector unitario do punto 4, tomando como orixe o punto 3, é $-\vec{j}$, o vector unitario do eixe Y en sentido negativo.

Calcúlase o campo no punto 4, creado pola carga 3, de 2 nC:

$$\vec{E}_{43} = 9,00 \cdot 10^9 \text{ [N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}] \cdot \frac{2,00 \cdot 10^{-9} \text{ [C]}}{(8,00 \text{ [m]})^2} (-\vec{j}) = -0,282 \vec{j} \text{ N/C}$$

Polo principio de superposición, o campo resultante no punto 4 é a suma vectorial dos campos creados nese punto por cada carga.

$$\vec{E}_4 = \vec{E}_{41} + \vec{E}_{42} + \vec{E}_{43} = (0,282 \vec{i} - 0,282 \vec{j}) \text{ N/C}$$

O seu módulo vale:

$$|\vec{E}_4| = \sqrt{((0,282 \text{ [N/C]})^2 + (0,282 \text{ [N/C]})^2)} = 0,398 \text{ N/C}$$

O potencial eléctrico nun punto, debido á presenza de varias cargas, é a suma dos potenciais producidos nese punto por cada carga, coma se o resto das cargas non estivese presente.

Para determinar o potencial eléctrico nun punto, calcúlanse os potenciais creados nese punto por cada carga, e despois súmanse.

A ecuación do potencial eléctrico, V , nun punto situado a unha distancia, r , dunha carga puntual, Q , é:

$$V = K \frac{Q}{r}$$

K é a constante de Coulomb.

Calcúlase o potencial eléctrico no punto 4, creado pola carga 1:

$$V_{41} = 9,00 \cdot 10^9 \text{ [N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}] \frac{1,00 \cdot 10^{-9} \text{ [C]}}{(8,00 \text{ [m]})} = 1,13 \text{ V}$$

O potencial eléctrico creado pola carga 2 é oposto, xa que a carga 2 vale o mesmo que a carga 1, pero é negativa e atópase á mesma distancia:

$$V_{42} = -1,13 \text{ V}$$

O potencial eléctrico creado pola carga 3 é o dobre que o creado pola carga 1, xa que a carga 3 vale o dobre e atópase á mesma distancia:

$$V_{43} = 2 \cdot V_{41} = 2 \cdot 1,13 \text{ [V]} = 2,25 \text{ V}$$

O potencial eléctrico no punto 4 é a suma dos potenciais creados por cada unha das cargas nese punto:

$$V_4 = V_{41} + V_{42} + V_{43} = 1,13 \text{ [V]} - 1,13 \text{ [V]} + 2,25 \text{ [V]} = 2,25 \text{ V}$$

b) A enerxía potencial de cada interacción entre dúas cargas vén dada pola expresión:

$$E_{pi} = K \frac{Q \cdot q}{r}$$

Calcúlase a enerxía potencial electrostática de cada unha das tres interaccións: $1 \leftrightarrow 2$; $2 \leftrightarrow 3$ e $1 \leftrightarrow 3$.

$$E_{12} = 9,00 \cdot 10^9 \text{ [N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}] \frac{1,00 \cdot 10^{-9} \text{ [C]} \cdot (-1,00 \cdot 10^{-9} \text{ [C]})}{16,00 \text{ [m]}} = -5,63 \cdot 10^{-10} \text{ J}$$

$$E_{23} = 9,00 \cdot 10^9 \text{ [N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}] \frac{(-1,00 \cdot 10^{-9} \text{ [C]}) \cdot 2,00 \cdot 10^{-9} \text{ [C]}}{\sqrt{(8,00 \text{ [m]})^2 + (8,00 \text{ [m]})^2}} = -15,9 \cdot 10^{-10} \text{ J}$$

$$E_{13} = 9,00 \cdot 10^9 \text{ [N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}] \frac{1,00 \cdot 10^{-9} \text{ [C]} \cdot 2,00 \cdot 10^{-9} \text{ [C]}}{\sqrt{(8,00 \text{ [m]})^2 + (8,00 \text{ [m]})^2}} = 15,9 \cdot 10^{-10} \text{ J}$$

A enerxía total electrostática é a suma das enerxías das tres interaccións.

$$E = E_{12} + E_{23} + E_{13} = -5,63 \cdot 10^{-10} \text{ [J]} + (-15,9 \cdot 10^{-10} \text{ [J]}) + 15,9 \cdot 10^{-10} \text{ [J]} = -5,63 \cdot 10^{-10} \text{ J}$$

Análise: Se a enerxía total se calculase como a suma das enerxías potenciais das tres cargas, o resultado sería o dobre, porque as interaccións contaríanse dúas veces. Por exemplo, a interacción $1 \leftrightarrow 2$ aparece no cálculo da enerxía potencial da carga 1 e tamén no cálculo da enerxía potencial da carga 2.

c)

O campo eléctrico é un campo conservativo, porque o traballo realizado pola forza do campo, cando unha carga se move entre dous puntos, é independente do camiño seguido e depende só dos puntos inicial e final. Defínese unha función escalar chamada enerxía potencial, E_p , asociada ao campo vectorial de forzas, de tal xeito que o traballo realizado pola forza do campo ao mover unha carga entre dous puntos é igual á variación da enerxía potencial entre estes dous puntos, cambiada de signo.

$$W = -\Delta E_p$$

Tamén se define outra magnitude escalar, chamada potencial eléctrico, que é igual á enerxía potencial da unidade de carga.

$$V = \frac{E_p}{q}$$

O traballo realizado pola forza de campo, cando unha carga se move do punto A ao punto B, é:

$$W_{A \rightarrow B} = -\Delta E_p = -(E_{pB} - E_{pA}) = (E_{pA} - E_{pB}) = q \cdot V_A - q \cdot V_B = q (V_A - V_B)$$

11. Tres cargas puntuais de $2 \mu\text{C}$ sitúanse respectivamente en $A(0, 0)$, $B(1, 0)$ e $C(1/2, \sqrt{3}/2)$. Calcula:

a) O campo eléctrico nos puntos $D(1/2, 0)$ e $F(1/2, 1/(2\sqrt{3}))$

b) O traballo para trasladar unha carga $q' = 1 \mu\text{C}$ de D a F.

c) Con este traballo, aumenta ou diminúe a enerxía electrostática do sistema?

Datos: As coordenadas en metros, $K = 9 \cdot 10^9 \text{ N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}$; $1 \mu\text{C} = 10^{-6} \text{ C}$.

(P.A.U. xuño 07)

Rta.: a) $\vec{E}_D = -2,40 \cdot 10^4 \hat{j} \text{ N/C}$; $\vec{E}_F = \vec{0}$; b) $W_{D \rightarrow F}$ (exterior) = $-W_{D \rightarrow F}$ (campo) = $7 \cdot 10^{-4} \text{ J}$.

Datos

Valor da carga situada no punto A

Valor da carga situada no punto B

Valor da carga situada no punto C

Carga da partícula que se despraza

Posición do punto A

Posición do punto B

Posición do punto C

Posición do punto D

Posición do punto F

Cifras significativas: 3

$Q_A = 2,00 \mu\text{C} = 2,00 \cdot 10^{-6} \text{ C}$

$Q_B = 2,00 \mu\text{C} = 2,00 \cdot 10^{-6} \text{ C}$

$Q_C = 2,00 \mu\text{C} = 2,00 \cdot 10^{-6} \text{ C}$

$q = 1,00 \mu\text{C} = 1,00 \cdot 10^{-6} \text{ C}$

$\vec{r}_A = (0, 0) \text{ m}$

$\vec{r}_B = (1,00, 0) \text{ m}$

$\vec{r}_C = (1/2, \sqrt{3}/2) =$

$= (0,500, 0,866) \text{ m}$

$\vec{r}_D = (0,500, 0) \text{ m}$

$\vec{r}_F = (1/2, 1/(2\sqrt{3})) =$

$= (0,500, 0,289) \text{ m}$

Datos

Constante de Coulomb

Incógnitas

Campo eléctrico no punto D

Campo eléctrico no punto F

Traballo para levar 1 μC desde o punto D ata o punto F**Incógnitas**

Campo eléctrico no punto D

Campo eléctrico no punto F

Traballo para levar 1 μC desde o punto D ata o punto F**Ecuacións**Campo eléctrico nun punto a unha distancia, r , dunha carga puntual, Q

Principio de superposición

Potencial eléctrico nun punto a unha distancia, r , dunha carga puntual, Q

Potencial eléctrico nun punto debido a varias cargas

Traballo da forza eléctrica ao mover unha carga do punto A ao punto B

Cifras significativas: 3

$$K = 9,00 \cdot 10^9 \text{ N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}$$

$$\vec{E}_D$$

$$\vec{E}_F$$

$$W_{D \rightarrow F}$$

$$\vec{E}_D$$

$$\vec{E}_F$$

$$W_{D \rightarrow F}$$

$$\vec{E} = K \frac{Q}{r^2} \vec{u}_r$$

$$\vec{E}_A = \sum \vec{E}_{A_i}$$

$$V = K \frac{Q}{r}$$

$$V = \sum V_i$$

$$W_{A \rightarrow B} = q (V_A - V_B)$$

Solución:

a) Faise un diagrama no que se sitúan os puntos A(0, 0), B(1, 0), C(0,5, 0,9) e D(0,5, 0). Debúxanse os vectores do campo no punto D, un vector por cada carga, prestando atención ao sentido, que é de repulsión, porque as cargas son positivas.

Os valores dos campos creados polas cargas situadas nos puntos A e B son iguais e anúlense entre si.

O vector suma, que é o campo resultante, \vec{E}_D , coincide co vector \vec{E}_{DC} .

O principio de superposición di que a intensidade de campo eléctrico nun punto, debido á presenza de varias cargas, é a suma vectorial dos campos producidos nese punto por cada carga, coma se o resto das cargas non estivese presente.

Para determinar o campo nun punto, calcúlanse os campos creados nese punto por cada carga, e despois súmanse os vectores.

A forza eléctrica entre dúas cargas puntuais, Q e q , separadas por unha distancia, r , vén dada pola lei de Coulomb, na que K é a constante de Coulomb e \vec{u}_r o vector unitario na liña que une as cargas.

$$\vec{F}_E = K \frac{Q \cdot q}{r^2} \vec{u}_r$$

O campo eléctrico nun punto situado a unha distancia, r , dunha carga puntual, Q , é a forza sobre a unidade de carga positiva situada nese punto:

$$\vec{E} = \frac{\vec{F}_E}{q} = \frac{K \frac{Q \cdot q}{r^2} \vec{u}_r}{q} = K \frac{Q}{r^2} \vec{u}_r$$

A distancia do punto A ao punto D é: $r_{AD} = |(0,500, 0) \text{ [m]} - (0, 0)| = 0,500 \text{ m}$

O vector unitario do punto D, tomando como orixe o punto A, é \vec{i} , o vector unitario do eixe X.

Calcúlase o campo no punto D, creado pola carga de 2 μC , situada no punto A:


$$\vec{E}_{DA} = 9,00 \cdot 10^9 \text{ [N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}] \cdot \frac{2,00 \cdot 10^{-6} \text{ [C]}}{(0,500 \text{ [m]})^2} \vec{i} = 7,20 \cdot 10^4 \vec{i} \text{ N/C}$$

O campo no punto D, creado pola carga de 2 μC , situada no punto B é oposta,

$$\vec{E}_{DB} = -7,20 \cdot 10^4 \vec{i} \text{ N/C}$$

A distancia do punto C ao punto D é: $r_{CD} = |(0,500, 0) \text{ [m]} - (0,500, 0,866) \text{ [m]}| = 0,866 \text{ m}$

O vector unitario do punto D tomando como orixe o punto C, é $-\vec{j}$, o vector unitario do eixe Y en sentido negativo.



Calcúlase o campo no punto D, creado pola carga de $2 \mu\text{C}$, situada no punto C:

$$\vec{E}_{DC} = 9,00 \cdot 10^9 [\text{N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}] \cdot \frac{2,00 \cdot 10^{-6} [\text{C}]}{(0,866 [\text{m}])^2} (-\vec{j}) = -2,40 \cdot 10^4 \vec{j} \text{ N/C}$$


Polo principio de superposición, o campo resultante no punto D é a suma vectorial dos campos creados neste punto por cada carga.

$$\vec{E}_D = \vec{E}_{DA} + \vec{E}_{DB} + \vec{E}_{DC} = 7,20 \cdot 10^4 \vec{i} [\text{N/C}] + (-7,20 \cdot 10^4 \vec{i} [\text{N/C}]) + (-2,40 \cdot 10^4 \vec{j} [\text{N/C}]) = -2,40 \cdot 10^4 \vec{j} \text{ N/C}$$

Faise un diagrama no que se sitúan os puntos A(0, 0), B(1, 0), C(0,5, 0,87) e (0,5, 0,3). Debúxanse os vectores do campo no punto F(1/2, 1/(2√3)), un vector por cada carga, prestando atención ao sentido, que é de repulsión, porque as cargas son positivas.

Os tres campos valen o mesmo, porque as cargas e as distancias son iguais. Son simétricos e a súa resultante é nula.

$$\vec{E}_O = \vec{0}$$



Deseguido, vanse realizar os cálculos, aínda que non é necesario.

As distancias dos puntos A, B e C ao punto F valen todas o mesmo:

$$r_{BF} = r_{AF} = \sqrt{(0,500 [\text{m}])^2 + (0,289 [\text{m}])^2} = 0,577 \text{ m}$$

$$r_{CF} = \sqrt{(0,500 [\text{m}] - 0,500 [\text{m}])^2 + (0,289 [\text{m}] - 0,866 [\text{m}])^2} = 0,577 \text{ m}$$

Os módulos dos vectores do campo creados en F polas cargas (iguais) situadas nos puntos A, B e C, son iguais.

Calcúlase o vector unitario do punto F, tomando coma orixe o punto A:

$$\vec{u}_{AF} = \frac{\vec{r}_{AF}}{|\vec{r}_{AF}|} = \frac{(0,500 \vec{i} + 0,289 \vec{j}) [\text{m}]}{0,577 [\text{m}]} = 0,866 \vec{i} + 0,500 \vec{j}$$

Calcúlase o campo no punto F, creado pola carga de $2 \mu\text{C}$, situada no punto A:

$$\vec{E}_{FA} = 9,00 \cdot 10^9 [\text{N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}] \cdot \frac{2,00 \cdot 10^{-6} [\text{C}]}{(0,577 [\text{m}])^2} (0,866 \vec{i} + 0,500 \vec{j}) = (4,68 \cdot 10^4 \vec{i} + 2,70 \cdot 10^4 \vec{j}) \text{ N/C}$$

O campo no punto F, creado pola carga de $2 \mu\text{C}$, situada no punto B, é simétrico ao do punto A. Os valores das súas compoñentes son os mesmos, pero o signo da compoñente horizontal é oposto, porque está dirixida en sentido contrario:

$$\vec{E}_{FB} = -4,68 \cdot 10^4 \vec{i} + 2,70 \cdot 10^4 \vec{j} \text{ N/C}$$

O vector unitario do punto F, tomando coma orixe o punto C, é $-\vec{j}$, o vector unitario do eixe Y en sentido negativo.

Calcúlase o campo no punto F, creado pola carga de $2 \mu\text{C}$, situada no punto C:

$$\vec{E}_{FC} = 9,00 \cdot 10^9 [\text{N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}] \cdot \frac{2,00 \cdot 10^{-6} [\text{C}]}{(0,577 [\text{m}])^2} (-\vec{j}) = -5,40 \cdot 10^4 \vec{j} \text{ N/C}$$

Polo principio de superposición, o campo resultante no punto F é a suma vectorial dos campos creados neste punto por cada carga.

$$\vec{E}_F = \vec{E}_{FA} + \vec{E}_{FB} + \vec{E}_{FC} = (4,68 \cdot 10^4 \vec{i} + 2,70 \cdot 10^4 \vec{j}) + (-4,68 \cdot 10^4 \vec{i} + 2,70 \cdot 10^4 \vec{j}) - 5,40 \cdot 10^4 \vec{j} = \vec{0}$$

O campo eléctrico é un campo conservativo, porque o traballo realizado pola forza do campo, cando unha carga se move entre dous puntos, é independente do camiño seguido e depende só dos puntos inicial e final. Defínese unha función escalar chamada enerxía potencial, E_p , asociada ao campo vectorial de forzas, de tal xeito que o traballo realizado pola forza do campo ao mover unha carga entre dous puntos é igual á variación da enerxía potencial entre estes dous puntos, cambiada de signo.

$$W = -\Delta E_p$$

Tamén se define outra magnitude escalar, chamada potencial eléctrico, que é igual á enerxía potencial da unidade de carga.

$$V = \frac{E_p}{q}$$

O traballo realizado pola forza de campo, cando unha carga se move do punto A ao punto B, é:

$$W_{A \rightarrow B} = -\Delta E_p = -(E_{pB} - E_{pA}) = (E_{pA} - E_{pB}) = q \cdot V_A - q \cdot V_B = q (V_A - V_B)$$

O potencial eléctrico nun punto, debido á presenza de varias cargas, é a suma dos potenciais producidos nese punto por cada carga, coma se o resto das cargas non estivese presente.

Para determinar o potencial eléctrico nun punto, calcúlanse os potenciais creados nese punto por cada carga, e despois súmanse.

A ecuación do potencial eléctrico, V , nun punto situado a unha distancia, r , dunha carga puntual, Q , é:

$$V = K \frac{Q}{r}$$

K é a constante de Coulomb.

b) Calcúlanse os potenciais no punto D, debidos ás cargas situadas nos puntos A, B e C:

$$V_{DA} = V_{DB} = 9,00 \cdot 10^9 \text{ [N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}] \frac{2,00 \cdot 10^{-6} \text{ [C]}}{(0,500 \text{ [m]})} = 3,60 \cdot 10^4 \text{ V}$$

$$V_{DC} = 9,00 \cdot 10^9 \text{ [N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}] \frac{2,00 \cdot 10^{-6} \text{ [C]}}{(0,866 \text{ [m]})} = 2,08 \cdot 10^4 \text{ V}$$

O potencial eléctrico no punto D é a suma dos potenciais de cada unha das cargas nese punto:

$$V_D = V_{DA} + V_{DB} + V_{DC} = 3,60 \cdot 10^4 \text{ [V]} + 3,60 \cdot 10^4 \text{ [V]} + 2,08 \cdot 10^4 \text{ [V]} = 9,28 \cdot 10^4 \text{ V}$$

Os potenciais eléctricos no punto F, debidos ás cargas situadas nos puntos A, B e C, son iguais, porque tanto as cargas como as distancias son iguais. O potencial eléctrico no punto F, que é a suma, vale o triplo do potencial dunha carga.

$$V_{FA} = V_{FB} = V_{FC} = 9,00 \cdot 10^9 \text{ [N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}] \frac{2,00 \cdot 10^{-6} \text{ [C]}}{(0,577 \text{ [m]})} = 3,12 \cdot 10^4 \text{ V} = 9,35 \cdot 10^4 \text{ V}$$

Calcúlase o traballo realizado pola forza de campo:

$$W_{D \rightarrow F} = q (V_D - V_F) = 1,00 \cdot 10^{-6} \text{ [C]} \cdot (9,28 \cdot 10^4 - 9,35 \cdot 10^4) \text{ [V]} = -7 \cdot 10^{-4} \text{ J}$$

Análise: Ao restar dous números tan próximos, [pérdense cifras significativas](#) ↗.

Supoñendo que chega coa mesma velocidade coa que sae, o traballo da forza resultante, igual ao cambio de enerxía cinética, será cero:

$$W(\text{resultante}) = W(\text{campo}) + W(\text{exterior}) = \Delta E_c = 0$$

O traballo a realizar é o contrario ao da forza de campo.

$$W(\text{exterior}) = -W(\text{campo}) = 7 \cdot 10^{-4} \text{ J}$$

c) Nun campo conservativo, o traballo das forzas do campo é igual e de sentido contrario á variación da enerxía potencial.

$$W_{A \rightarrow B} = -\Delta E_p = q (V_A - V_B)$$

Como o traballo da forza do campo eléctrico é negativo, a enerxía potencial do sistema aumenta.

12. Dúas cargas puntuais iguais $q = 1 \mu\text{C}$ están situadas nos puntos A(5, 0) e B(-5, 0). Calcula:

a) O campo eléctrico nos puntos C(8, 0) e D(0, 4)

b) A enerxía para trasladar unha carga de $-1 \mu\text{C}$ desde C a D.

Datos: $1 \mu\text{C} = 10^{-6} \text{ C}$, $K = 9 \cdot 10^9 \text{ N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}$. As coordenadas en metros.

(P.A.U. set. 06)

Rta.: a) $\vec{E}_C = 1,05 \cdot 10^3 \vec{i} \text{ N/C}$; $\vec{E}_D = 2,74 \cdot 10^2 \vec{j} \text{ N/C}$; b) $\Delta E = 8,81 \cdot 10^{-4} \text{ J}$.

Datos

Valor da carga situada no punto A

Valor da carga situada no punto B

Cifras significativas: 3

$Q_A = 1,00 \mu\text{C} = 1,00 \cdot 10^{-6} \text{ C}$

$Q_B = 1,00 \mu\text{C} = 1,00 \cdot 10^{-6} \text{ C}$

Datos

Posición do punto A
 Posición do punto B
 Posición do punto C
 Posición do punto D
 Constante de Coulomb

Incógnitas

Campo nos puntos C e D
 Enerxía para levar unha carga de $-1 \mu\text{C}$ desde C ata D

Outros símbolos

Distancia

Ecuacións

Campo eléctrico nun punto a unha distancia, r , dunha carga puntual, Q

Principio de superposición

Potencial eléctrico nun punto a unha distancia, r , dunha carga puntual, Q

Potencial eléctrico nun punto debido a varias cargas

Enerxía potencial eléctrica dunha carga, q , situada nun punto A

Cifras significativas: 3

$$\vec{r}_A = (5,00, 0,00) \text{ m}$$

$$\vec{r}_B = (-5,00, 0,00) \text{ m}$$

$$\vec{r}_C = (8,00, 0,00) \text{ m}$$

$$\vec{r}_D = (0,00, 4,00) \text{ m}$$

$$K = 9,00 \cdot 10^9 \text{ N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}$$

$$\vec{E}_C, \vec{E}_D$$

$$W_{C \rightarrow D}$$

$$r$$

$$\vec{E} = K \frac{Q}{r^2} \vec{u}_r$$

$$\vec{E}_A = \sum \vec{E}_{A_i}$$


$$V = K \frac{Q}{r}$$

$$V = \sum V_i$$

$$E_{pA} = q \cdot V_A$$

Solución:

a) Faise un diagrama no que se sitúan os puntos A(5, 0), B(-5, 0) e C(8, 0). Debúxanse os vectores do campo no punto C(8, 0), un vector por cada carga, prestando atención ao sentido, que é de repulsión, porque as cargas son positivas.



O campo creado pola carga situada no punto B é moito menor que o creado pola carga situada no punto A, porque está moito máis lonxe.

Debúxase o vector suma, que é o campo resultante, \vec{E}_C .

O principio de superposición di que a intensidade de campo eléctrico nun punto, debido á presenza de varias cargas, é a suma vectorial dos campos producidos nese punto por cada carga, coma se o resto das cargas non estivese presente.

Para determinar o campo nun punto, calcúlanse os campos creados nese punto por cada carga, e despois súmanse os vectores.

A forza eléctrica entre dúas cargas puntuais, Q e q , separadas por unha distancia, r , vén dada pola lei de Coulomb, na que K é a constante de Coulomb e \vec{u}_r o vector unitario na liña que une as cargas.

$$\vec{F}_E = K \frac{Q \cdot q}{r^2} \vec{u}_r$$

O campo eléctrico nun punto situado a unha distancia, r , dunha carga puntual, Q , é a forza sobre a unidade de carga positiva situada nese punto:

$$\vec{E} = \frac{\vec{F}_E}{q} = \frac{K \frac{Q \cdot q}{r^2} \vec{u}_r}{q} = K \frac{Q}{r^2} \vec{u}_r$$

A distancia do punto A ao punto C é: $r_{AC} = |(8,00, 0) \text{ [m]} - (5,00, 0) \text{ [m]}| = 3,00 \text{ m}$

O vector unitario do punto C, tomando como orixe o punto A, é \vec{i} , o vector unitario do eixe X.

Calcúlase o campo no punto C, creado pola carga de $1 \mu\text{C}$ situada no punto A:

$$\vec{E}_{CA} = 9 \cdot 10^9 \text{ [N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}] \frac{1,00 \cdot 10^{-6} \text{ [C]}}{(3,00 \text{ [m]})^2} \vec{i} = 1,00 \cdot 10^3 \vec{i} \text{ N/C}$$

A distancia do punto B ao punto C é: $r_{BC} = |(8,00, 0) \text{ [m]} - (-5,00, 0) \text{ [m]}| = 13,00 \text{ m}$

O vector unitario do punto C, tomando como orixe o punto B, é \vec{i} , o vector unitario do eixe X.

Calcúlase o campo no punto C, creado pola carga de $1 \mu\text{C}$ situada no punto B:

$$\vec{E}_{CB} = 9 \cdot 10^9 [\text{N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}] \frac{1,00 \cdot 10^{-6} [\text{C}]}{(13,0 [\text{m}])^2} \vec{i} = 53,3 \vec{i} \text{ N/C}$$

Polo principio de superposición, o campo resultante no punto C é a suma vectorial dos campos creados neste punto por cada carga.

$$\vec{E}_C = \vec{E}_{CA} + \vec{E}_{CB} = 1,00 \cdot 10^3 \vec{i} [\text{N/C}] + 53,3 \vec{i} [\text{N/C}] = 1,05 \cdot 10^3 \vec{i} \text{ N/C}$$

Análise: Coincide co debuxo. O campo resultante do cálculo vai no sentido positivo do eixe X.

Faize un diagrama no que se sitúan os puntos A(5, 0), B(-5, 0) e D(0, 4). Debúxanse os vectores do campo no punto D, un vector por cada carga, prestando atención ao sentido que é de repulsión porque as cargas son positivas.

Como os seus valores son iguais, porque as cargas e as distancias son iguais, os vectores serán da mesma medida.

Debúxase o vector suma, que é o campo resultante, \vec{E}_D .

As compoñentes horizontais dos campos creados polas cargas anuláanse e a resultante estará dirixida no sentido positivo do eixe Y. O valor da resultante será a suma das compoñentes verticais de cada campo, e, como son dúas, o vector campo resultante medirá o dobre da compoñente vertical dun deles.

Calcúlase a distancia do punto A ao punto D:

$$r_{AD} = \sqrt{(5,00 [\text{m}])^2 + (4,00 [\text{m}])^2} = 6,40 \text{ m}$$

Calcúlase o vector unitario do punto D, tomando como orixe o punto A:

$$\vec{u}_{AD} = \frac{\vec{r}_{AD}}{|\vec{r}_{AD}|} = \frac{(-5,00 \vec{i} + 4,00 \vec{j}) [\text{m}]}{\sqrt{(-5,00 [\text{m}])^2 + (4,00 [\text{m}])^2}} = -0,781 \vec{i} + 0,625 \vec{j}$$

Calcúlase o campo no punto D, creado pola carga de 1 μC situada no punto A:

$$\vec{E}_{DA} = 9,00 \cdot 10^9 [\text{N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}] \frac{1,00 \cdot 10^{-6} [\text{C}]}{(6,40 [\text{m}])^2} (-0,781 \vec{i} + 0,625 \vec{j}) = (-1,71 \cdot 10^2 \vec{i} + 1,37 \cdot 10^2 \vec{j}) \text{ N/C}$$

O campo no punto D, creado pola carga de 1 μC situada no punto B, é simétrico ao do punto A. Os valores das súas compoñentes son os mesmos, pero o signo da compoñente horizontal é oposto, porque está dirixida en sentido contrario:

$$\vec{E}_{DB} = (1,71 \cdot 10^2 \vec{i} + 1,37 \cdot 10^2 \vec{j}) \text{ N/C}$$

Polo principio de superposición, o campo resultante no punto D é a suma vectorial dos campos creados neste punto por cada carga.

$$\vec{E}_D = \vec{E}_{DA} + \vec{E}_{DB} = (-1,71 \cdot 10^2 \vec{i} + 1,37 \cdot 10^2 \vec{j}) [\text{N/C}] + (1,71 \cdot 10^2 \vec{i} + 1,37 \cdot 10^2 \vec{j}) [\text{N/C}] = 2,74 \cdot 10^2 \vec{j} \text{ N/C}$$

Análise: Coincide co debuxo. O campo resultante do cálculo vai no sentido positivo do eixe Y.

O campo eléctrico é un campo conservativo, porque o traballo realizado pola forza do campo, cando unha carga se move entre dous puntos, é independente do camiño seguido e depende só dos puntos inicial e final. Defínese unha función escalar chamada enerxía potencial, E_p , asociada ao campo vectorial de forzas, de tal xeito que o traballo realizado pola forza do campo ao mover unha carga entre dous puntos é igual á variación da enerxía potencial entre estes dous puntos, cambiada de signo.


$$W = -\Delta E_p$$

Tamén se define outra magnitude escalar, chamada potencial eléctrico, que é igual á enerxía potencial da unidade de carga.

$$V = \frac{E_p}{q}$$

O traballo realizado pola forza de campo, cando unha carga se move do punto A ao punto B, é:

$$W_{A \rightarrow B} = -\Delta E_p = -(E_{pB} - E_{pA}) = (E_{pA} - E_{pB}) = q \cdot V_A - q \cdot V_B = q (V_A - V_B)$$



O potencial eléctrico nun punto, debido á presenza de varias cargas, é a suma dos potenciais producidos nese punto por cada carga, coma se o resto das cargas non estivese presente.

Para determinar o potencial eléctrico nun punto, calcúlanse os potenciais creados nese punto por cada carga, e despois súmanse.

A ecuación do potencial eléctrico, V , nun punto situado a unha distancia, r , dunha carga puntual, Q , é:

$$V = K \frac{Q}{r}$$

K é a constante de Coulomb.

b) Calcúlanse os potenciais no punto C, debidos ás cargas situadas nos puntos A e B:

$$V_{CA} = 9,00 \cdot 10^9 \text{ [N}\cdot\text{m}^2\cdot\text{C}^{-2}] \frac{1,00 \cdot 10^{-6} \text{ [C]}}{(3,00 \text{ [m]})} = 3,00 \cdot 10^3 \text{ V}$$

$$V_{CB} = 9,00 \cdot 10^9 \text{ [N}\cdot\text{m}^2\cdot\text{C}^{-2}] \frac{1,00 \cdot 10^{-6} \text{ [C]}}{(13,00 \text{ [m]})} = 6,92 \cdot 10^2 \text{ V}$$

O potencial eléctrico no punto C é a suma dos potenciais de cada unha das cargas nese punto:

$$V_C = V_{CA} + V_{CB} = 3,00 \cdot 10^3 \text{ [V]} + 6,92 \cdot 10^2 \text{ [V]} = 3,69 \cdot 10^3 \text{ V}$$

Os potenciais eléctricos no punto D, debidos ás cargas situadas nos puntos A e B, son iguais, porque tanto as cargas como as distancias son iguais. O potencial eléctrico no punto D, que é a suma, vale o dobre do potencial dunha carga.

$$V_D = V_{DA} + V_{DB} = 2 \cdot V_{DA} = 2 \cdot 9,00 \cdot 10^9 \text{ [N}\cdot\text{m}^2\cdot\text{C}^{-2}] \frac{1,00 \cdot 10^{-6} \text{ [C]}}{(6,40 \text{ [m]})} = 2 \cdot 1,41 \cdot 10^3 \text{ [V]} = 2,81 \cdot 10^3 \text{ V}$$

O traballo realizado pola forza do campo ao trasladar unha carga de $-1 \mu\text{C}$ desde o punto C ata o punto D é:

$$W_{C \rightarrow D} = q (V_C - V_D) = -1,00 \cdot 10^{-6} \text{ [C]} \cdot (3,69 \cdot 10^3 - 2,81 \cdot 10^3) \text{ [V]} = -8,81 \cdot 10^{-4} \text{ J}$$

Supoñendo que chega coa mesma velocidade coa que sae, o traballo da forza resultante, igual ao cambio de enerxía cinética, será cero:

$$W(\text{resultante}) = W(\text{campo}) + W(\text{exterior}) = \Delta E_c = 0$$

O traballo a realizar é o contrario ao da forza de campo.

$$W(\text{resultante}) = 0 - W(\text{campo}) = 8,81 \cdot 10^{-4} \text{ J}$$

13. Dúas cargas puntuais negativas iguais, de $-10^{-3} \mu\text{C}$, atópanse sobre o eixe de abscisas, separadas unha distancia de 20 cm. A unha distancia de 50 cm sobre a vertical que pasa polo punto medio da liña que as une, colócase unha terceira partícula (puntual) de $+10^{-3} \mu\text{C}$ de carga e 1 g de masa, inicialmente en repouso. Calcula:

a) O campo e potencial eléctrico creado polas dúas primeiras na posición inicial da terceira.

b) A velocidade da terceira carga ao chegar ao punto medio da liña de unión entre as dúas primeiras.

Datos: $1 \mu\text{C} = 10^{-6} \text{ C}$; $K = 9 \cdot 10^9 \text{ N}\cdot\text{m}^2\cdot\text{C}^{-2}$. Só se considera a interacción electrostática. (P.A.U. xuño 04)

Rta.: a) $\vec{E} = 67,9 \text{ N/C}$ vertical cara ao eixe de abscisas. $V = -35,3 \text{ V}$; b) $\vec{v} = -0,017 \vec{j} \text{ m/s}$.

Datos

Valor da carga situada no punto A

Valor da carga situada no punto B

Valor da carga situada no punto C

Masa da partícula que se despraza

Velocidade inicial no punto C

Distancia entre as dúas cargas

Distancia da terceira carga ao punto medio entre A e B

Distancia do punto medio das cargas a un deles

Constante de Coulomb

Incógnitas

Cifras significativas: 3

$$Q_A = -1 \cdot 10^{-3} \mu\text{C} = -1,00 \cdot 10^{-9} \text{ C}$$

$$Q_B = -1 \cdot 10^{-3} \mu\text{C} = -1,00 \cdot 10^{-9} \text{ C}$$

$$Q_C = 1,00 \cdot 10^{-3} \mu\text{C} = 1,00 \cdot 10^{-9} \text{ C}$$

$$m = 1,00 \text{ g} = 1,00 \cdot 10^{-3} \text{ kg}$$

$$v_C = 0$$

$$r_{AB} = 20,0 \text{ cm} = 0,200 \text{ m}$$

$$r_C = 50,0 \text{ cm} = 0,500 \text{ m}$$

$$r_{DA} = 10,0 \text{ cm} = 0,100 \text{ m}$$

$$K = 9,00 \cdot 10^9 \text{ N}\cdot\text{m}^2\cdot\text{C}^{-2}$$

Campo eléctrico no punto C
 Potencial eléctrico no punto C
 Velocidade que terá ao pasar polo punto D

\vec{E}_C
 V_C
 v_D

Ecuacións

Campo eléctrico nun punto a unha distancia, r , dunha carga puntual, Q

$$\vec{E} = K \frac{Q}{r^2} \vec{u}_r$$

Principio de superposición

$$\vec{E}_A = \sum \vec{E}_{A_i}$$

Potencial eléctrico nun punto a unha distancia, r , dunha carga puntual, Q

$$V = K \frac{Q}{r}$$

Potencial eléctrico nun punto debido a varias cargas

$$V = \sum V_i$$

Energía potencial eléctrica dunha carga, q , situada nun punto A

$$E_{pA} = q \cdot V_A$$

Energía cinética dunha masa, m , que se move cunha velocidade, v

$$E_c = \frac{1}{2} m \cdot v^2$$

Principio da conservación da enerxía entre dous puntos A e B

$$(E_c + E_p)_A = (E_c + E_p)_B$$

Solución:

a) Faize un diagrama no que se sitúan os puntos A, B e C. Dos datos poden deducirse as súas coordenadas, aínda que os puntos A y B son intercambiabes: A(-0,1, 0), B(0,1, 0) e C(0, 0,5).

Debúxanse os vectores do campo no punto C, un vector por cada carga, prestando atención ao sentido, que é de atracción, porque as cargas son negativas.

Como os seus valores son iguais, porque as cargas e as distancias son as mesmas, os vectores serán da mesma medida.

Debúxase o vector suma, que é o campo resultante, \vec{E}_C .

As compoñentes horizontais dos campos creados polas cargas anúlanse e a resultante irá no sentido negativo do eixe Y. O valor da resultante será a suma das compoñentes verticais de cada carga, e, como son dúas, o vector campo resultante medirá o dobre da compoñente vertical dun deles.

O principio de superposición di que a intensidade de campo eléctrico nun punto, debido á presenza de varias cargas, é a suma vectorial dos campos producidos nese punto por cada carga, coma se o resto das cargas non estivese presente.

Para determinar o campo nun punto, calcúlanse os campos creados nese punto por cada carga, e despois súmanse os vectores.

A forza eléctrica entre dúas cargas puntuais, Q e q , separadas por unha distancia, r , vén dada pola lei de Coulomb, na que K é a constante de Coulomb e \vec{u}_r o vector unitario na liña que une as cargas.

$$\vec{F}_E = K \frac{Q \cdot q}{r^2} \vec{u}_r$$

O campo eléctrico nun punto situado a unha distancia, r , dunha carga puntual, Q , é a forza sobre a unidade de carga positiva situada nese punto:

$$\vec{E} = \frac{\vec{F}_E}{q} = \frac{K \frac{Q \cdot q}{r^2} \vec{u}_r}{q} = K \frac{Q}{r^2} \vec{u}_r$$

Calcúlase a distancia do punto A ao punto C:


$$r_{AC} = \sqrt{(0,100 \text{ [m]})^2 + (0,500 \text{ [m]})^2} = 0,510 \text{ m}$$

Calcúlase o vector unitario do punto C, tomando como orixe o punto A:

$$\vec{u}_{AC} = \frac{\vec{r}_{AC}}{|\vec{r}_{AC}|} = \frac{(0,100 \vec{i} + 0,500 \vec{j}) \text{ [m]}}{0,510 \text{ [m]}} = 0,196 \vec{i} + 0,981 \vec{j}$$

Calcúlase o campo no punto C, creado pola carga de -1 nC situada no punto A:

$$\vec{E}_{CA} = 9,00 \cdot 10^9 \text{ [N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}] \cdot \frac{-1,00 \cdot 10^{-9} \text{ [C]}}{(0,510 \text{ [m]})^2} (0,196 \vec{i} + 0,981 \vec{j}) = (-6,79 \vec{i} - 33,9 \vec{j}) \text{ N/C}$$



O campo no punto C, creado pola carga de -1 nC situada no punto B, é simétrico ao do punto A. Os valores das súas compoñentes son os mesmos, pero o signo da compoñente horizontal é oposto, porque está dirixida en sentido contrario:

$$\vec{E}_{CB} = (6,79 \vec{i} - 33,9 \vec{j}) \text{ N/C}$$

Polo principio de superposición, o campo resultante no punto C é a suma vectorial dos campos creados nese punto por cada carga.

$$\vec{E}_C = \vec{E}_{CA} + \vec{E}_{CB} = (-6,79 \vec{i} - 33,9 \vec{j}) [\text{N/C}] + (6,79 \vec{i} - 33,9 \vec{j}) [\text{N/C}] = -67,9 \vec{j} \text{ N/C}$$

Análise: Coincide co debuxo. O campo resultante do cálculo vai no sentido negativo do eixe Y.

O potencial eléctrico nun punto, debido á presenza de varias cargas, é a suma dos potenciais producidos nese punto por cada carga, coma se o resto das cargas non estivese presente.

Para determinar o potencial eléctrico nun punto, calcúlanse os potenciais creados nese punto por cada carga, e despois súmanse.

A ecuación do potencial eléctrico, V , nun punto situado a unha distancia, r , dunha carga puntual, Q , é:

$$V = K \frac{Q}{r}$$

K é a constante de Coulomb.

Os potenciais eléctricos no punto C, debidos ás cargas situadas nos puntos A e B, son iguais, porque tanto as cargas como as distancias son iguais. O potencial eléctrico no punto C, que é a suma, vale o dobre do potencial dunha carga.

$$V_C = V_{CA} + V_{CB} = 2 \cdot V_{CA} = 2 \cdot 9,00 \cdot 10^9 [\text{N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}] \frac{-1,00 \cdot 10^{-9} [\text{C}]}{(0,510 [\text{m}])} = -35,3 \text{ V}$$

b) Como a forza eléctrica é unha forza conservativa, e é a única que hai que ter en conta, porque é moito máis intensa que a gravitacional, a enerxía mecánica consérvase.

$$(E_c + E_p)_C = (E_c + E_p)_D \\ \frac{1}{2} m v_C^2 + q \cdot V_C = \frac{1}{2} m v_D^2 + q \cdot V_D$$

Calcúlase o potencial eléctrico no punto D, de xeito análogo ao do punto C:

$$V_D = V_{DA} + V_{DB} = 2 \cdot V_{DA} = 2 \cdot 9,00 \cdot 10^9 [\text{N} \cdot \text{m}^2 \cdot \text{C}^{-2}] \frac{-1,00 \cdot 10^{-9} [\text{C}]}{(0,100 [\text{m}])} = -180 \text{ V}$$

Escríbese a ecuación de conservación da enerxía:

$$1,00 \cdot 10^{-9} [\text{C}] \cdot (-35,3 [\text{V}]) = \frac{1}{2} 1,00 \cdot 10^{-3} [\text{kg}] \cdot v_D^2 + 1,00 \cdot 10^{-9} [\text{C}] \cdot (-180 [\text{V}])$$

Despéxase a velocidade:

$$v_D = \sqrt{\frac{2(180 - 35,3) [\text{V}] \cdot 10^{-9} [\text{C}]}{1,00 \cdot 10^{-3} [\text{kg}]}} = 0,017 \text{ m/s}$$

Como a velocidade é un vector, hai que determinar a dirección e o sentido.

Pódese deducir que a aceleración ten a dirección do eixe Y en sentido negativo, porque a carga é positiva e a aceleración seguirá a dirección e o sentido do campo. Se un móbil parte do repouso, e a aceleración ten dirección constante, o movemento será rectilíneo na mesma liña que a aceleración.

$$\vec{v}_D = -0,017 \vec{j} \text{ m/s}$$

● Campo e potencial

1. Dúas láminas condutoras con igual carga e signo contrario están colocadas horizontalmente e separadas 5 cm. A intensidade do campo eléctrico no seu interior é $2,5 \cdot 10^5 \text{ N} \cdot \text{C}^{-1}$. Unha micropinga de aceite cuxa masa é $4,90 \cdot 10^{-14} \text{ kg}$, e con carga negativa, está en equilibrio suspendida nun punto equidistante de ambas as placas.

- a) Razona cal das dúas láminas está cargada positivamente.
 b) Determina a carga da micropinga.
 c) Calcula a diferenza de potencial entre as láminas condutoras.

Dato: $g = 9,8 \text{ m}\cdot\text{s}^{-2}$.

(P.A.U. set. 15)

Rta.: b) $q = 1,92\cdot 10^{-18} \text{ C}$; c) $\Delta V = 1,25\cdot 10^4 \text{ V}$.

Datos

Valor do campo eléctrico

Distancia entre as láminas condutoras

Masa da micropinga

Valor do campo gravitacional terrestre

Incógnitas

Carga da micropinga

Diferenza de potencial entre as láminas condutoras

Ecuacións

Campo eléctrico

Peso

Diferenza de potencial nun campo eléctrico

Cifras significativas: 3

$$|\vec{E}| = 2,50\cdot 10^5 \text{ N/C}$$

$$d = 5,00 \text{ cm} = 0,0500 \text{ m}$$

$$m = 4,90\cdot 10^{-14} \text{ kg}$$

